

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO
O 7 DE DECEMBRO DE 2022,
BAIXO A PRESIDENCIA DE
ALFONSO RUEDA VALENZUELA**

DECRETOS

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES

- Decreto polo que se regula a selección, nomeamento e cesamento das direccións dos centros docentes públicos que imparten as ensinanzas reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

ACORDOS

VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

- Acordo polo que se autoriza o expediente de gasto derivado da contratación, suxeita a regulación harmonizada, mixta de servizos e de obra relativa ás operacións para a conservación integral do Camiño de Santiago ao seu paso pola Comunidade Autónoma de Galicia, tramitado por procedemento aberto, tramitación anticipada de gasto e pluralidade de criterios, cun orzamento de licitación de trece millóns catrocentos oitenta e catro mil trescentos noventa e tres euros con cincuenta e un céntimos (13.484.393,51€) e un valor estimado de dezaoito millóns novecentos corenta e cinco mil cincuenta e un euros con sesenta e nove céntimos (18.945.051,69€).
- Acordo polo que se autoriza a subscripción da addenda ao convenio de colaboración asinado o 27 de xaneiro de 2022 entre a Axencia Turismo de Galicia, a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e o Concello de Begonte para a reforma e o acondicionamento de instalacións para escola de música, conservatorio e auditorio, por importe total dun millón corenta e sete mil novecentos trinta e oito euros con sesenta e nove céntimos (1.047.938,69€).
- Acordo polo que se autoriza formular e presentar o Plan territorial de sustentabilidade turística Enogastronomía de Galicia na Conferencia Sectorial de Turismo de cara á súa aprobación.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA

- Acordo polo que se toma razón da compra de vivendas polo IGVS co fin de destinalas a alugueiro social

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE

- Acordo polo que se aproba o trámite de información pública e informe das administracións afectadas e definitivamente o proxecto de trazado Actualización do proxecto de construción: autovía AG-59 A Ramallosa - enlace PO-841.
- Acordo polo que se autoriza a sinatura da addenda ao convenio de colaboración entre a entidade pública empresarial Augas de Galicia e o Concello de Carballo para reducir o risco de inundación na ARPSI do río Anllóns, cofinanciada pola Unión Europea a través do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder) nun 80%, no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020, por importe de seis millóns trescentos trinta e cinco mil setecentos trinta e un euros con dous céntimos (6.335.731,02€).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a entidade pública empresarial Augas de Galicia e o Concello de Noia para a execución das actuacións de mellora da estación depuradora de augas residuais de Noia (A Coruña), cofinanciada pola Unión Europea a través do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder), no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020 e susceptible de financiamento no marco do programa operativo Feder Galicia 2021-2027, tramitado como expediente anticipado de gasto, por importe de dous millóns novecentos vinte e cinco mil euros (2.925.000,00€).

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES

- Acordo polo que se autoriza o inicio da tramitación do anteproxecto de lei para a aprendizaxe ao longo da vida adulta.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

CONSELLERÍA DE PROMOCIÓN DO EMPREGO E IGUALDADE

- Acordo polo que se autoriza a concesión de anticipos de ata o 90%, derivados da resolución da Secretaría Xeral da Igualdade da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade pola que se establecen as bases reguladoras que rexerán as subvencións a entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro para programas dirixidos a mulleres en situación de especial vulnerabilidade, cofinanciadas polo Fondo Social Europeo Plus no marco do programa FSE+ Galicia 2021-2027, e se convocan para o ano 2023, por importe dun millón catrocentos mil euros (1.400.000,00€), tramitado como expediente anticipado de gasto.
- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade para establecer pagamentos anticipados en porcentaxe superior á recollida no artigo 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e a eximir da constitución de garantías as entidades beneficiarias ao abeiro do establecido no artigo 67 do dito decreto na Orde pola que se establecen as bases reguladoras de subvencións para sufragar os gastos de funcionamento das entidades asociativas de cooperativas, sociedades laborais, centros especiais de emprego e empresas de inserción e se convocan para o ano 2023, por importe de trescentos trinta mil euros (330.000,00€), tramitado como expediente anticipado de gasto.
- Acordo polo que se declara de carácter prioritario a formación para a cualificación e recualificación da poboación activa en determinados sectores.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo polo que se autoriza o 2º acordo de prórroga e a modificación do convenio de colaboración entre o Servizo Galego de Saúde e a Asociación de enfermos de Ril (Alcer), para a cobertura do servizo de traslado de pacientes aos centros de hemodiálise na provincia de Lugo, por importe de seiscentos setenta e dous mil oitocentos oitenta euros con oito céntimos (672.880,08 €).
- Acordo polo que se autoriza a aceptación da cesión do terreo para a construción dun novo Centro de Saúde de Boborás, feita a título gratuito polo Concello de Boborás, a favor do Servizo Galego de Saúde.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

CONSELLERÍA DE MEDIO RURAL

- Acordo polo que se autoriza a sinatura da addenda de modificación e prórroga do convenio de colaboración suscrito entre a Consellería do Medio Rural, a Universidade de Santiago de Compostela e a Universidade de Vigo para o desenvolvemento do inventario forestal continuo de Galicia, por un importe total de cincocentos trinta mil trescentos oitenta euros (530.380,00 €).
- Acordo polo que se autoriza a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (Agader) para asinar unha addenda aos convenios de colaboración cos grupos de desenvolvemento rural (GDR) para a aplicación dunha estratexia de desenvolvemento local na medida Leader de Galicia 2014-2020, cofinanciados co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do PDR de Galicia 2014-2020, co fin de ampliar o gasto da submedida 19.4 no ano 2023, por importe de catro millóns seiscentos setenta mil euros (4.670.000,00 €).
- Acordo polo que se autoriza a Consellería do Medio Rural para eximir os beneficiarios da obriga de constituír garantías nos anticipos que poidan recibir con cargo á Orde pola que se establecen as bases reguladoras das axudas ás entidades recoñecidas como agrupacións de defensa sanitaria gandeiras (ADSG) de Galicia e se convocan para o ano 2023-2024, cando o seu importe sexa superior aos dezaioito mil euros (18.000 €), para a realización de pagamentos anticipados en contía superior á que resulta da aplicación do artigo 63.1.un do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, e para adquirir compromisos de carácter plurianual de conformidade co previsto no artigo 58.1.b) do Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia. Tramitación anticipada de gasto. Importe total de dous millóns cento cincuenta mil euros (2.150.000,00€).
- Acordo polo que se autoriza a tramitación do expediente que ten por obxecto a contratación, polo procedemento aberto suxeito a regulación harmonizada, da subministración de doce (12) equipamentos multifunción novos formados por tractor, cisterna, trituradora multifunción e polidózer, financiada ao 100% polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020, con fondos REACT-EU como resposta da Unión Europea á pandemia da COVID-19; obxectivo temático 13, prioridade de investimento 13i, obxectivo específico 20i04 - OE 20.1.4 - OE REACT UE 4, actuación 89, proposta 127/22-I, Exp. CMR-2023-0004, por un valor máximo estimado de catro millóns catorce mil catrocentos trinta euros (4.014.430,00 €).

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

- Acordo polo que se autoriza a tramitación do expediente que ten por obxecto a contratación, polo procedemento aberto suxeito a regulación harmonizada, da subministración de quince (15) vehículos motobomba equipados para a prevención e defensa contra os incendios forestais, financiada ao 100% no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020, con fondos REACT-EU como resposta da Unión Europea á pandemia da COVID-19, obxectivo temático 13, prioridade de investimento 13i, obxectivo específico 20i04 - OE 20.1.4 - OE REACT UE 4, actuación 89, proposta 125/22-I, Exp. CMR-2023-0006, por un valor máximo estimado de catro millóns cento sesenta e oito mil cento setenta euros (4.168.170,00 €).

CONSELLERÍA DO MAR

- Acordo polo que se autoriza a subscripción do convenio de colaboración entre a Consellería do Mar e a Asociación de Fabricantes de Conservas de Peixes e Mariscos (Anfaco-Cecopesca) para a promoción e mellora da comercialización das conservas de produtos pesqueiros no ano 2023, por importe de cento setenta e tres mil setecentos oitenta e cinco euros (173.785,00 €), tramitado como anticipado de gasto.

INFORMES

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, INDUSTRIA E INNOVACIÓN

- Informe sobre a convocatoria do programa Ignicia de 2023.
- Informe sobre Bonos activa comercio.

VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

- Informe sobre os exercicios e simulacros de plans de emerxencia de protección civil autonómicos realizados no ano 2022.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

CONSELLERÍA DE PROMOCIÓN DO EMPREGO E IGUALDADE

- Informe sobre a Orde da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade pola que se amplía o crédito da Orde do 9 de setembro pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións Xempre Emprendemento para apoiar iniciativas de emprendemento, e se procede á súa convocatoria para a anualidade 2022 (TR880A).

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA ADAPTA O DECRETO DE SELECCIÓN DE DIRECTORES DE CENTROS EDUCATIVOS Á NOVA LEI EDUCATIVA

- Mantense o requisito de que os aspirantes deberán ter superado de xeito previo un curso sobre formación na función directiva, algo que a LOMLOE fixo opcional
- Múdase a composición da comisión de selección das direccións dos centros
- Promoverase o éxito escolar de todo o alumnado desde os proxectos de dirección das persoas candidatas

O Consello da Xunta deu hoxe o visto e prace ao proxecto de decreto polo que se regula a selección, nomeamento e cesamento dos directores e directoras dos centros docentes públicos, un texto que vén actualizar o vixente, adaptándoo aos cambios introducidos pola nova lei educativa, LOMLOE. Neste sentido, os dous cambios máis significativos son o mantemento do requisito de ter superado un curso sobre competencias para o desenvolvemento da función directiva e o cambio na composición da Comisión de Selección das direccións dos centros.

No referido ao curso de formación, inclúese o requisito para os aspirantes de posuír, de xeito previo á presentación da candidatura, a certificación acreditativa de ter superado un curso de formación sobre competencias para o desenvolvemento da función directiva, impartido pola Consellería de Educación, o Ministerio de Educación ou polas administracións educativas das restantes comunidades autónomas, con validez en todo o territorio nacional. Cabe sinalar que esta formación previa xa se viña pedindo en Galicia e opta por manterse o requisito, malia que a LOMLOE o considera opcional. Estarán exentas deste requisito as persoas que acrediten unha experiencia de polo menos catro anos no exercicio da dirección de centros docentes públicos con avaliación positiva do seu traballo.

No que atinxe á composición da Comisión de Selección da dirección dos centros, a establecida no proxecto de decreto axústase á legalidade vixente e, polo tanto, estará composta maioritariamente por representantes do centro educativo, é dicir, do Claustro e do Consello Escolar.

Promoción do éxito escolar

O proxecto de decreto inclúe tamén outras novidades, como a actualización dos termos do proxecto de dirección que deben presentar os interesados en ocupar este postos. A partir de agora, deberán estar orientados a lograr o éxito escolar de todo o alumnado e incluír, entre outros, contidos en materia de igualdade entre mulleres e homes, non discriminación e prevención da violencia de xénero.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Así mesmo, o novo texto normativo abre a posibilidade de que persoas en situación de servizos especiais, excedencia por coidado de familiares ou en excedencia voluntaria, sempre que se estivese nunha destas situacións por resolución da consellería competente en materia de educación da Xunta de Galicia, poidan presentar a súa candidatura á dirección dun centro.

Cómpre lembrar que as direccións dos centros educativos son escollidas por concurso de méritos entre persoal docente funcionario de carreira convocado pola Consellería de Cultura, Educación, FP e Universidades, de conformidade cos principios de igualdade, publicidade, mérito e capacidade. En termos xerais, o período de mandato é de catro anos, renovable por períodos de igual duración, ata un máximo de tres mandatos.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

RUEDA ANUNCIA UN INVESTIMENTO DE 19 M€ PARA O MANTENIMENTO DOS CAMIÑOS DE SANTIAGO NO PERÍODO 2023-2025

- Salienta que se trata dunha partida “importante” para que estean en “perfecto estado”, xa que considera que unha das “razóns de éxito” con “número de visitantes récord” deste Xacobeo se debe ao “bo estado de mantemento e conservación” dos mesmos
- As actuacións que se van levar a cabo teñen como finalidade manter os Camiños Xacobeos nun óptimo estado para o paso dos peregrinos, mediante a execución das operacións, tarefas e atencións periódicas necesarias para o seu mantemento
- As obras comprenden as actuacións de acondicionamento e mellora dos distintos treitos dos Camiños de Santiago, así como o reforzo e a mellora da sinalización

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, anunciou hoxe que o Consello da Xunta deu o visto e praxe ao proxecto de acordo polo que se autoriza o expediente de gasto derivado da contratación de servizos e de obra relativa destinados á conservación integral do Camiño de Santiago cun orzamento de 18,9 millóns de euros para o período 2023-2025.

“Trátase dun esforzo importante, pero moi rendible na imaxe que ofrece do Camiño e para os peregrinos”, salientou Rueda, quen defendeu esta partida esgrimindo que unha das “razóns do éxito” das “cifras récord” do Xacobeo deste ano se debe “ao bo estado de mantemento e conservación” das diferentes rutas xacobeas.

Precisamente, incidiu en que se está piques de rematar un dobre ano Xacobeo “espectacular” en número de visitantes cun “récord absoluto” de máis de 5,8 millóns de visitantes e con 450.000 compostelanas entregadas ata este intre. Rueda cualificou estas cifras de “espectaculares” e admitiu que “non se agardaban cando se saíu da pandemia”.

En canto ás actuacións que se van levar a cabo, o mandatario galego explicou que teñen como finalidade manter os Camiños Xacobeos nun óptimo estado para o paso dos peregrinos, mediante a execución das operacións, tarefas e atencións periódicas necesarias para o seu mantemento. “Todo o que supón de mantelos en perfecto estado de revista”, resumiu Rueda, quen precisou que as obras comprenden as actuacións de acondicionamento e mellora dos distintos treitos dos Camiños de Santiago, así como o reforzo e a mellora da sinalización. Ademais comprenden, entre outras, tarefas de operacións de vixilancia, seguimento e control, e tarefas preventivas de limpeza e de sega nestas rutas.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

As obras que constitúen o obxecto do contrato establécense no prego de prescricións técnicas e comprenden actuacións de acondicionamento e mellora dos distintos treitos dos Camiños de Santiago e actuacións de disposición, reforzo e mellora da sinalización.

Todas as actuacións se levarán a cabo en toda a da rede de camiños que pertencen ao Camiño de Santiago. Así, actuarase no Camiño Francés, no do Norte, no Interior, no Primitivo, no Portugués e no Portugués da costa, na Vía da Prata- Mozárabe, no Camiño de Fisterra Muxía, no Inglés e no de Inverno.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O CONSELLO DA XUNTA APROBA A ADDENDA DO CONVENIO CO CONCELLO DE BEGONTE PARA A REFORMA DA ESCOLA DE MÚSICA E A CREACIÓN DUN AUDITORIO

- O convenio asinado en xaneiro de 2022 ten como finalidade resolver a necesidade de novas instalacións por parte do Concello de Begonte
- Ten como finalidade a reforma das edificacións do antigo colexio CEIP de Baamonde para o seu acondicionamento como escola de música, así como para a construción dun auditorio

O Consello da Xunta autorizou hoxe a addenda ao convenio de colaboración entre a Axencia Turismo de Galicia, a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, a Consellería de Cultura, Educación, FP e Universidades e o Concello de Begonte para a reforma das edificacións do antigo colexio CEIP de Baamonde como escola de música e conservatorio, así como para a construción dun auditorio no concello.

O convenio asinado en xaneiro de 2022 ten como finalidade resolver a necesidade de novas instalacións por parte do Concello de Begonte, que solicitou ao Goberno galego un reaxuste das anualidades previstas no convenio, dado que aínda que están rematadas as obras da fase I do proxecto, a reforma e o acondicionamento das instalacións para escola de música-conservatorio, están pendentes de licitación e adxudicación as obras correspondentes á fase II, a do auditorio, debido aos problemas actuais de subministración de materiais que provocaron un atraso na execución da primeira fase das obras obxecto do dito convenio.

Así, o orzamento estimado para estas actuación é de 1.047.938 euros, dos cales a Axencia de Turismo de Galicia e a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda achegan, cada unha, 457.368 euros; e a Consellería de Cultura, Educación, FP e Universidades, 133.202 euros, con cargo aos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2023.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA PRESENTAR O PLAN TERRITORIAL DE SUSTENTABILIDADE TURÍSTICA DE ENOGASTRONOMÍA DE GALICIA NA VINDEIRA CONFERENCIA SECTORIAL DE TURISMO

- O Plan territorial de sustentabilidade turística de enogastronomía de Galicia terá lugar no horizonte 2023-2025 co obxectivo de promover Galicia como destino enogastronómico de primeiro nivel
- Trátase do segundo dos plans territoriais impulsado pola Xunta de Galicia ao abeiro dos fondos NextGeneration
- Este plan, dotado dun orzamento de 31,9M de euros, está estruturado arredor de accións de cohesión en destino e plans de sustentabilidade turística impulsados polas entidades locais
- As intervencións engloban 3 actuacións de cohesión en destino (ACD), cun investimento de 14,9 millóns de euros, e 11 plans de sustentabilidade turística en destino (PSTD), impulsados por entidades locais, con 17 millóns de euros

O Consello da Xunta aprobou hoxe o proxecto de acordo polo que se autoriza formular e presentar o Plan territorial de sustentabilidade turística Enogastronomía de Galicia na Conferencia Sectorial de Turismo. O obxectivo desta iniciativa é a promoción de Galicia como destino enogastronómico de primeiro nivel, pondo en marcha actuacións transformadoras en diferentes áreas de Galicia.

Este plan, dotado dun orzamento de 31,9M de euros, está estruturado arredor de accións de cohesión en destino e plans de sustentabilidade turística impulsados polas entidades locais. Trátase do segundo dos plans territoriais impulsado pola Xunta de Galicia ao abeiro dos fondos NextGeneration da EU. Tras o impulso do Plan do litoral de Galicia, o segundo dos eixes temáticos arredor dos cales a Administración autonómica constrúe o seu plan é a enogastronomía, como elemento diferenciador da oferta turística galega e poderoso motor dinamizador do tecido socioeconómico do territorio.

A posta en valor dos territorios vitivinícolas, a mellora da comercialización e da promoción de novos produtos turísticos vinculados á enogastronomía galega, a promoción da xestión sustentable desde os destinos e a potenciación do territorio enogastronómico galego como un espazo de desenvolvemento turístico competitivo son os obxectivos arredor dos cales se vertebra este plan, cun forte contido na dixitalización e na innovación gastronómica.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Este plan prevé, ademais, intervencións referidas ao embelecemento e adecuación dos establecementos de produción enolóxica e alimentaria e dos seus contornos para mellorar a imaxe tanto física como dixital dos destinos, potenciando a chegada do AVE a Galicia, así como a mobilidade sustentable, que ten por obxectivo reducir o impacto ambiental dos desprazamentos dos visitantes polo territorio e mellorar a accesibilidade aos lugares de interese, dinamizando así a actividade turística.

As intervencións que forman parte do Plan territorial de Galicia está composto por 3 actuacións de cohesión en destino (ACD), cun investimento de 14,9 millóns de euros, e 11 plans de sustentabilidade turística en destino (PSTD), impulsados por entidades locais, que recibirán un total de 17 millóns de euros.

Actuacións de cohesión en destino

Inclúense actuacións nos aloxamentos con encanto en destinos enogastronómicos de Galicia para a adecuación de instalacións para a realización de experiencias enogastronómicas; a creación de Galicia Gastro Experience como centro de referencia para a mellora da enogastronomía galega como experiencia turística, e a posta en marcha dunha rede de mobilidade nas cinco rutas do viño de Galicia en vehículo eléctrico. Estas tres actuacións suman un investimento de 14,9 millóns de euros.

Plans de sustentabilidade en destino

No marco destes plans, Galicia presenta 11 que suman un orzamento de 17 millóns de euros, nos cales se encontran:

1. PSTD Os Fogóns do Anllóns (Carballo, Coristanco, A Laracha, Ponteceso, Cabana de Bergantiños) 1.500.000€.
2. PSTD Et edendo, Lucus: un percorrido histórico pola enogastronomía (Concello de Lugo) 2.000.000€
3. PSTD Valdeorras, Ruta do Viño Milenaria (O Barco, A Rúa, A Veiga, O Bolo, Petín, Vilamartín, Rubiá, Larouco, Carballeda) 1.500.000€
4. PSTD Barbanza-Arousa. Viaxe a través da historia dos sabores (Ribeira, A Pobra do Caramiñal, Boiro, Rianxo) 1.500.000€
5. PSTD O Ribeiro – O Carballiño (A Arnoia, Avión, Beade, Carballeda de Avia, Castrelo de Miño, Cenlle, Cortegada, Leiro, Melón, Ribadavia, Beariz, Boborás, O Carballiño, O Irixo, Maside, Piñor, Punxín, San Amaro, San Cristovo de Cea, Padrenda, Pontedeva) 1.500.000€
6. PSTD O Condado – A Paradanta Destino Enogastronómico (A Cañiza, Arbo, As Neves, Covelo, Crecente, Mondariz, Mondariz-Balneario, Ponteareas, Salceda de Caselas e Salvaterra de Miño) 1.500.000€
7. PSTD de Vigo (Concello de Vigo) 2.000.000€
8. PSTD do Xeodestino Ría de Vigo e Baixo Miño “Despensa de Galicia” (A Guarda, Baiona, Fornelos de Montes, Gondomar, Mos, Nigrán, O Porriño, O

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Rosal, Oia, Pazos de Borbén, Redondela, Soutomaior, Tomiño, Tui)
1.500.000€

9. PSTD O Carballiño e a gastronomía do Polbo (Concello do Carballiño)
1.000.000€

10. PSTD da Guarda (Concello da Guarda) 1.000.000€

11. PSTD O Grove. A Gastromeca. Construción dun novo modelo baseado na emoción e a autenticidade a través da súa cultura gastronómica (Concello do Grove) 2.000.000 €

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA COMPRARÁ ESTE MES 55 VIVENDAS POR 3,9 M€ PARA REFORZAR O PARQUE PÚBLICO RESIDENCIAL NUNHA TRINTENA DE CONCELLOS

- Os inmobles, propiedade de Abanca e cedidos temporalmente ao IGVS en virtude dun convenio asinado en 2019, cualificaranse como de promoción pública e destinaranse a alugueiro a prezos accesibles durante un período mínimo de 50 anos
- Os actuais inquilinos son, na súa maior parte, familias afectadas por desafuzamentos ou en situación de vulnerabilidade, e tras a adquisición poderán seguir residindo nestas vivendas nas mesmas condicións que ata o de agora
- O obxectivo é facilitar a permanencia dos adxudicatarios nos seus fogares e incorporar novos inmobles ao parque público da Xunta en municipios con demanda
- O ano que vén está prevista tamén a adquisición doutro grupo de vivendas á Sareb

A Xunta de Galicia comprará antes de que remate o ano 55 vivendas por un importe de 3,9 millóns de euros para reforzar o seu parque público residencial destinado a alugueiro nunha trintena de concellos onde existe este tipo de demanda.

Tras ser informado esta mañá o Consello do acordo para a adquisición dos inmobles, o Instituto Galego da Vivenda e Solo (IGVS) está xa en disposición de asinar as escrituras de compravenda con Abanca, a entidade propietaria. Unha vez pechada a operación, todas as vivendas pasarán a ser cualificadas como de promoción pública e serán destinadas a alugueiro social a prezos accesibles durante un período mínimo de 50 anos.

Cómpre precisar que o IGVS xa xestiona na actualidade estes 55 inmobles en virtude dun convenio de colaboración suscrito coa entidade financeira no ano 2019 para garantir que persoas e familias afectadas por execucións hipotecarias puidesen manter as súas vivendas habituais, e que colectivos desfavorecidos ou en situación de exclusión social tivesen acceso a un contrato de alugueiro social a prezos reducidos.

Por iso, unha vez que sexan propiedade da Xunta, os inquilinos que ocupan actualmente estes inmobles e que na súa maior parte se corresponden con persoas en situación de vulnerabilidade, poderán seguir vivindo nelas nas mesmas condicións que ata o de agora, incluído o importe que pagan en concepto de alugueiro, que oscila entre os 41 euros e os 125 euros mensuais (unha media de 79 euros).

De feito, e ante a próxima caducidade do convenio, un dos obxectivos con que o IGVS promove esta operación é o de facilitar a permanencia nos seus fogares de persoas vulnerables ou que se visen afectadas por un desafuzamento ou unha execución hipotecaria no seu día e que, por conseguinte, necesitan un alugueiro social.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Así mesmo, a Xunta tamén busca avanzar no seu obxectivo de incrementar o actual parque público residencial baixo a súa titularidade, reforzando a oferta naqueles municipios onde segue existindo demanda de vivendas protexidas en réxime de alugueiro.

O acordo con Abanca, en todo caso, non será o único. O ano que vén, a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda prevé adquirir parte das 46 vivendas que a Sareb tamén ten cedidas nestes momentos ao IGVS para alugueiro social. Actualmente, estase pendente da documentación que debe achegar a entidade para determinar o número e a localización dos inmobles que pasarán a integrar o parque público da Xunta.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

RUEDA AVANZA QUE A XUNTA VAI CONSTRUIR UN NOVO TREITO DE 7,5 KM DA AUTOVÍA SANTIAGO-A ESTRADA, ENTRE A RAMALLOSA E O ROLLO

- Destaca que esta medida se enmarca na aposta do Goberno galego por “ampliar a rede de vías de altas prestacións libres de peaxe”
- Subliña que a ampliación desta vía suporá un investimento total de “máis de 60 M€” e que se levará a cabo en dúas fases
- Sinala que o Consello da Xunta aprobou hoxe a información pública do novo treito de 7,5 km da autovía Santiago-A Estrada, entre A Ramallosa e O Rollo
- Explica que a Xunta aprobou tamén o proxecto de trazado do primeiro subtreito, entre A Ramallosa e o enlace coa estrada AC-241, en Pontevea, no concello de Teo
- A Xunta destinará un investimento de máis de 33,2 M€, incluíndo as expropiacións, ao novo subtreito, que discorrerá de norte a sur e paralelo á estrada AC-841
- Executaranse algo máis de 3,5 quilómetros con dous enlaces: coa adecuación do existente na Ramallosa coa estrada AC-841 e outro de nova construción, sobre a estrada AC-241, situado ao final do treito
- Esta intervención prevé 6 novas estruturas que inclúen o viaduto de Santa Lucía, 3 pasos inferiores e 2 pasos superiores
- A Xunta prevé iniciar no 1º trimestre de 2023 as expropiacións para poder licitar as obras “no primeiro semestre”
- O proxecto de trazado someteuse a información pública e consulta das administracións afectadas e conta con declaración de impacto ambiental favorable

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, avanzou que o Consello aprobou na súa reunión semanal o expediente de información pública dun novo treito da autovía Santiago-A Estrada. Trátase de 7,5 novos quilómetros entre A Ramallosa (Teo) e o enlace coa PO-841, no Rollo (A Estrada) que se enmarcan na aposta do Goberno galego por “ampliar a rede de vías de altas prestacións libres de peaxe”, resaltou o presidente.

Rueda destacou que investimento total para ampliar esta vía “superará os 60 millóns de euros” e que as obras se dividirán en dúas fases: un subtreito entre A Ramallosa e Pontevea (AC-241); e e outro entre Pontevea (AC-241) e O Rollo (enlace PO-841).

Tal e como explicou o presidente, o Consello autorizou hoxe a información pública do novo treito de case oito quilómetros da autovía Santiago-A Estrada e tamén aprobou o proxecto de trazado do primeiro dos subtreitos, o que une A Ramallosa e o enlace coa estrada AC-241, en Pontevea, no municipio de Teo.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O investimento que o Goberno galego destinará a prolongar este novo treito de conexión por autovía do concello de Teo desde Santiago superará os 33,2 millóns de euros, incluíndo o pagamento dos 291 predios necesarios para impulsar estas obras.

No proxecto deseñado polo departamento de Infraestruturas, o novo trazado discorre de norte a sur, cunha lixeira orientación cara ao oeste e paralelo á estrada AC-841, atravesando o municipio de Teo.

A súa lonxitude é de algo máis de 3,5 quilómetros, con dous enlaces, un consistente na adecuación do actualmente existente na Ramallosa coa estrada AC-841 e outro de nova construción, sobre a estrada AC-241, situado ao final do treito. A Actuación inclúe 6 novas estruturas: viaduto de Santa Lucía, 3 pasos inferiores e 2 pasos superiores.

Máis en detalle, redeseñase o enlace existente na Ramallosa que une a AG-59 coa estrada AC-841, que constará dun ramal dirección Santiago e un de saída á AC-841. O novo enlace que se construírá na AC-241 constará dunha vía de acceso á AG-59 en sentido Santiago e un de saída, que termina nunha glorieta de 20 metros de radio sobre a AC-241.

Tamén se executarán ao longo do trazado variantes das estradas actuais e camiños de servizo.

As obras previstas inclúen 6 estruturas de nova construción: o viaduto en Santa Lucía, de 150 m de lonxitude; os dous pasos superiores, un no enlace da Ramallosa de 56 metros de lonxitude e outro no enlace coa AC-241 de algo máis de 39 metros de lonxitude; e os tres pasos inferiores.

O Goberno galego prevé iniciar no primeiro trimestre de 2023 as expropiacións co obxectivo de "licitar as obras no primeiro semestre do ano que vén", indicou Rueda.

Ademais se seguirá traballando en paralelo no proxecto construtivo do subtreito previsto ata o enlace coa estrada PO-841, no Rollo.

Tramitación

A Xunta considerou a necesidade de realizar diversas actuacións de mellora da seguridade viaria e aumento da capacidade mediante a prolongación do actual treito entre Santiago e A Ramallosa, dando continuidade á autovía AG-59.

Na determinación do Goberno galego para materializar a prolongación desta autovía libre de peaxe o 18 de novembro de 2020 someteuse ao proceso de información pública o estudo de impacto ambiental e de actualización do proxecto de construción dun novo treito da autovía Santiago-A Estrada, que se traduciu na tramitación conxunta de dous

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

subtreitos distintos: entre A Ramallosa e Pontevea (AC-241); e, entre Pontevea (AC-241) e O Rollo (enlace PO-841).

Deste xeito, a actualización dos proxectos iniciais tiñan por finalidade adaptalos á normativa vixente, evitar a afección a un castro, que foi cuestionada pola autoridade competente en Patrimonio Cultural e, ademais, racionalizar o impacto territorial.

As administracións consultadas foron: o Concello da Estrada, o Concello de Teo, a Deputación Provincial da Coruña, a Deputación Provincial de Pontevedra, Augas de Galicia, a Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático, a Dirección Xeral de Emerxencias e Interior, o Instituto de Estudos do Territorio, o Servizo de Montes da Coruña, o servizo de Montes de Pontevedra, a Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, o Servizo do Patrimonio Natural da Coruña e o Servizo do Patrimonio Natural de Pontevedra, que remitiron os seus correspondentes informes sectoriais.

A Axencia Galega de Infraestruturas avaliou os ditos informes sectoriais, aos que lles deu resposta.

Ademais do proxecto de trazado, tamén se someteu a información pública o estudo de impacto ambiental da actuación, dando como resultado a declaración de impacto ambiental favorable por parte do organismo competente, feita pública o pasado 9 agosto do 2022.

A Xunta, unha vez analizadas as achegas presentadas, incorpora ao proxecto as consideracións oportunas, entre elas, un novo camiño de servizo entre os puntos quilométricos 106+300 ao 106+700, para dar continuidade e posibilitar a comunicación entre ambas as marxes da autovía. Ademais, executarase un novo camiño de servizo paralelo ao tronco da autovía proxectada entre os puntos 107+120 ata o 107+320 coa finalidade de mellorar os accesos e comunicacións entre ambas as marxes da nova infraestrutura, das leiras e explotacións gandeiras existentes nesta entorna.

Tamén se realizará un cambio de trazado e a reposición do oleoduto Coruña-Vigo que atravesa a traza da AG-59 en dous puntos: na zona do enlace da Ramallosa, no punto 100+240, e na zona previa ao viaduto de Santa Lucía, no 100+400. Inclúese, tamén a modificación da sección dos pasos inferiores dos eixos 11 e 19 (puntos quilométricos 106+320 e 107+119) e do paso superior do eixo 17 (punto 104+789), co obxectivo de dar continuidade ao Camiño da Geira e dos Arrieriros interceptados pola actuación.


A Xunta destinará un investimento global que superará previsiblemente os 60 M€, aos que deben sumarse os case 1,2 millóns de euros precisos para completar as

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

expropiacións, para darlle continuidade ao trazado entre a AP-53 e A Ramallosa, e conectar, tamén, por autovía os concellos de Teo e A Estrada.

Mapa de situación:




Planta da actuación do primeiro subtreito:

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA AUTORIZA A ADDENDA AO CONVENIO CO CONCELLO DE CARBALLO PARA REDUCIR O RISCO DE INUNDACIÓN NO RÍO ANLLÓNS, QUE DUPLICA O INVESTIMENTO PREVISTO

- A achega do Goberno galego incrementábase en máis de 3,3 M€, o que permitirá darlle o pulo aos proxectos construtivos e á execución das obras identificadas como prioritarias no plan de xestión específico desta área de risco
- Mantéñense os termos da cooperación coa entidade local, de forma que a Xunta asume a contratación e o financiamento íntegro dos proxectos e das obras
- O Concello ten o deber de poñer á disposición os terreos e da recepción, mantemento e conservación das infraestruturas executadas
- Augas de Galicia ten xa contratadas as obras do *by-pass* no río Anllóns, na zona de Muíño do Quinto, e as da remodelación integral do Parque de San Martiño, mentres avanza nos proxectos das outras actuacións previstas
- O Goberno mantén a aposta pola colaboración entre todas as administracións e axentes implicados para estar máis preparados fronte ás inundacións e acadar unha máis rápida e mellor recuperación fronte ás súas posibles consecuencias

O Consello da Xunta autorizou hoxe a addenda do convenio de colaboración entre Augas de Galicia e o Concello de Carballo para materializar as obras para reducir o risco de inundacións no río Anllóns ao paso polo municipio, que duplica o investimento autonómico ata acadar os 6,3 M€.

O Executivo autonómico dálle así o pulo definitivo aos proxectos construtivos e á execución das obras identificadas como prioritarias no plan de xestión específico da área de risco potencial significativo de inundación do río Anllóns.

Para isto, a Xunta suma á achega inicial de 3 M€ recollida no convenio subscrito o 15 de xaneiro de 2021, unha nova partida de máis de 3,3 M€, así como a ampliación da súa vixencia, ata decembro do 2024.

A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, a través de Augas de Galicia, asume integralmente a financiación destas actuacións, que son susceptibles de financiamento no marco do programa operativo FEDER Galicia 2021-2027.

Segundo se mantén na addenda do convenio aprobada hoxe polo Goberno galego, correspóndelle á entidade hidráulica da Xunta levar a cabo a contratación da redacción e aprobación dos proxectos das intervencións que permitan reducir o risco de inundación nesta área do río Anllóns, a contratación e execución das obras, así como a súa dirección e xestión ata completar a súa finalización.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Pola súa banda, o Concello de Carballo asume a posta á disposición dos terreos necesarios para o inicio das obras e a realización das xestións pertinentes para posibilitar a súa execución; así como a obriga de recibir as obras que pola súa natureza sexan susceptibles de tal recepción e a asumir o seu mantemento e conservación. Tamén se compromete á utilización das instalacións executadas de acordo coa finalidade prevista.

Avanzando no Plan de xestión específico da Arpsi do río Anllóns

A Xunta segue avanzando no desenvolvemento das distintas actuacións que contribúan a minimizar o risco de inundación no marco do plan de xestión específico realizado na área do río Anllóns por parte de Augas de Galicia.

A entidade hidráulica da Xunta ten contratadas as obras do *by-pass* no río Anllóns, na zona de Muíño do Quinto e as da execución da remodelación integral do Parque de San Martiño; e segue avanzando no resto dos proxectos das actuacións previstas.

Deste xeito, as actuacións que se consideran máis prioritarias e que son as que se executarán a través da addenda do convenio autorizado hoxe, inclúen as seguintes: demolición de edificación e remodelación de ponte e creación dun leito de augas altas na rúa Sol; remodelación integral do parque San Martiño, coa construción de motas de protección fronte ás avenidas; remodelación da ponte sita na rúa Fomento, coa remodelación do leito e motas de contención augas abaixo da ponte; a realización dun *by-pass* na zona de Muíño do Quinto; e a mellora hidráulica do río Anllóns ao seu paso polo enlace entre a autoestrada AG-55 e a estrada AC-552, no lugar da Cepeira, en Sísamo.

Todas as intervencións da Xunta apostan pola naturalización do leito do río e polas infraestruturas verdes, fronte a solucións máis duras baseadas na construción de infraestruturas que afastan aínda máis os ríos do seu estado natural.

As accións de prevención van encamiñadas ao mantemento do leito, a unha axeitada ordenación urbanística ou, por exemplo, a instalar un novo punto de predición do sistema de alerta temperá na conca do río Anllóns e dunha estación de aforo para medir os caudais.

As medidas de recuperación e revisión tras as inundacións diríxense a longo prazo. Neste caso, o desenvolvemento do Plan de Actuación Municipal fronte a inundacións resulta fundamental, cos protocolos que teña definido para a recuperación tras unha enchente. Tamén resulta necesario informar e promover entre os particulares a contratación de seguros de protección fronte a inundacións no ámbito do Anllóns.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O Goberno galego mantén a aposta pola colaboración entre todas as administracións e axentes implicados para estar máis preparados fronte ás inundacións e acadar unha máis rápida e mellor recuperación fronte ás súas posibles consecuencias, tendo en conta o contexto de cambio climático, no que estes episodios extremos son cada vez máis frecuentes.

Incremento do gasto previsto

O incremento do gasto inicialmente previsto deriva do desenvolvemento dos proxectos construtivos, principalmente no caso de tres actuacións concretas. En primeiro lugar, na demolición dunha edificación, remodelación da ponte e creación dun cauce de augas altas na rúa Sol, onde ademais de actualizar os prezos de acordo cos niveis actuais, modificouse a solución técnica prevista inicialmente para acadar unha mellor protección fronte ás enchentes.

Así, con respecto ao anteproxecto, o proxecto construtivo inclúe, ademais da demolición dun edificio, o derrubamento de tres treitos de escaleiras, unha obra de fábrica pola marxe dereita do río e uns 600 metros cadrados de pavimento para unha senda.

No anteproxecto prevíase ampliar a ponte pero o proxecto construtivo prevé demolelo e construír unha nova ponte, que tamén terá un único vano para mellorar a circulación da auga en caso de crecida. Inclúese, tamén, unha pantalla lateral de contención que non estaba prevista e se deseñan dúas pasarelas de acceso ao paseo fluvial para dotar de acceso á senda, o que antes estaba previsto facer con ramplas.

Como consecuencia de todo o anterior, increméntanse, tamén, os servizos afectados.

En segundo lugar, encarácese o proxecto de mellora hidráulica do río ao seu paso polo enlace entre a AG-55 e a AC-52 na rúa da Cepeira (Sísamo), no que tamén houbo que actualizar os prezos e modificar a solución técnica prevista para adaptarse aos requirimentos do departamento autonómico de estradas e reducir a afección ás vías e ao tráfico.

En terceiro lugar, finalmente, elévase o investimento inicialmente previsto para a remodelación da ponte na rúa Fomento, remodelación do cauce e motas de contención augas abaixo da ponte. Ademais de actualizar os prezos, tamén se modificou a técnica construtiva para acadar unha mellor eficacia na minoración do risco de enchentes.

Así, no anteproxecto prevíase unha apertura do cauce en 130 metros e o proxecto construtivo eleva esa amplitude ata os 212 metros na marxe dereita e 158 na esquerda. Faise necesario repoñer diferentes servizos afectados, entre eles unha estación de aforo

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

de Augas de Galicia. Na estrutura da ponte da rúa Fomento tamén houbo axustes e maior concreción no proxecto construtivo.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA AUTORIZA A COLABORACIÓN CO CONCELLO DE NOIA PARA A MELLORA DA ESTACIÓN DEPURADORA DE AUGAS RESIDUAIS CUN INVESTIMENTO AUTONÓMICO DE CASE 3 M€

- Actuarase na depuradora co fin de resolver as deficiencias de funcionamento e de capacidade desta instalación municipal e mellorar o saneamento da ría de Noia
- A Xunta financiará integramente a actuación e prevé licitar as obras antes de que finalice o ano para iniciais en 2023 cun prazo de execución de 13 meses, incluída a súa posta en marcha
- Os traballos están incluídos no Plan de saneamento local e redundarán na mellora dos servizos e da calidade de vida dos veciños, no coidado do medio e no futuro da pesca, do marisqueo e do turismo
- O Concello asumirá as actuacións realizadas, coa obriga da súa posta en servizo, explotación e o seu mantemento e conservación
- Os orzamentos da Xunta de 2023 recollen unha partida de 1,95 M€ para a mellora da depuradora e 0,97 M€ en 2024 para completar a intervención
- Nos últimos anos a Xunta leva investidos 4,7 M€ na mellora das infraestruturas hidráulicas do municipio, mellorando os servizos aos veciños e garantindo a calidade das augas da ría

A Xunta de Galicia colaborará co Concello de Noia para executar as actuacións necesarias para a mellora da estación depuradora de augas residuais, cun investimento autonómico de 2.925.000 euros.

O Consello da Xunta autorizou hoxe a colaboración entre a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, a través de Augas de Galicia, e o Concello de Noia para executar as obras de reforma e mellora da depuradora municipal.

As actuacións teñen como finalidade resolver as deficiencias de funcionamento e de capacidade desta instalación municipal e mellorar o saneamento da ría de Noia.

Segundo establece o convenio autorizado hoxe polo Consello da Xunta, Augas de Galicia asumirá integramente o financiamento desta actuación, que se enmarca no Plan de saneamento local de Noia impulsado pola entidade hidráulica da Xunta, e que redundará na mellora dos servizos e da calidade de vida dos veciños, no coidado do medio e no futuro da pesca, do marisqueo e do turismo.

Segundo recolle o acordo, Augas de Galicia levará a cabo a contratación e execución das obras, así como a súa dirección e xestión ata completar a súa finalización.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Pola súa banda, o Concello de Noia asume as obras realizadas, así como a obriga da súa posta en servizo, a súa explotación e o seu mantemento e conservación, empregando as instalacións executadas de acordo coa finalidade prevista.

Unha vez autorizada hoxe a colaboración, Augas de Galicia prevé licitar as obras antes de finais de ano, co obxectivo de comezar os traballos en 2023. A actuación conta cun prazo de 13 meses, dos cales 10 se corresponden coa execución das obras e 3 para a posta en marcha das instalacións. A intervención está cofinanciada pola Unión Europea no marco do programa operativo Feder Galicia 2014/2020.

Actuacións proxectadas

Actualmente as instalacións municipais de tratamento de augas residuais de Noia presentan deficiencias en distintos equipos de funcionamento e de capacidade, o que provoca verteduras contaminantes á ría.

Ademais, o propio edificio que alberga a depuradora presenta deficiencias na estrutura e precisa a renovación da metade da cuberta e das baixantes, fundamentalmente polo ambiente corrosivo, así como a instalación dun bo sistema de ventilación para evitar que o proceso corrosivo se reproduza.

Para solucionar estes problemas, as actuacións proxectadas por Augas de Galicia céntranse na reforma, transformación e modernización dos distintos elementos que compoñen a planta de tratamento de augas residuais municipal.

Máis concretamente, entre os traballos inclúese a instalación dunha nova reixa de grosos automática, previa ao bombeo de cabeceira, interceptando as conducións de entrada antes da reixa existente e deixándoa como *by-pass*, para o cal se instalarán comportas para independizar cada unha das canles.

Tamén se prevé a instalación de polipasto eléctrico sobre o pozo de bombas de cabeceira, a retirada dos barutos e a construción de desareador lonxitudinal aireado para eliminación de graxas e areas. Ademais, instalarase unha ponte desareadora desengraxadora que enviará as areas ao clasificador de areas e as graxas ao concentrador.

Para a optimización do rendemento do tratamento biolóxico da planta, transformarase o reactor biolóxico actual, que pasa de leito fixo a leito móbil.

Instalarase un novo equipamento de produción de microburbulla para optimizar o proceso do sistema de flotación por aire disolto para a optimización do proceso da auga que se vai tratar.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Na reforma desta planta de tratamento de augas residuais inclúese, tamén, a instalación de novos equipamentos de dosificación de reactivos.

Ademais, porase en servizo o sistema de desinfección ultravioleta e instálase o novo programa SCADA, de supervisión e control das instalacións.

As actuacións prevén a renovación da metade da cuberta do edificio que queda por substituír e das baixantes de recollida de auga. Tamén se incluírá a instalación de sistema de ventilación para a renovación do aire do edificio.

Apoio aos concellos

A Xunta segue a impulsar a mellora das infraestruturas de saneamento de Noia para mellorar os servizos aos veciños e garantir a calidade das augas da ría.

Cómpre lembrar que a Administración autonómica leva investidos nos últimos anos 4,7 millóns de euros en actuacións de apoio ao Concello en materia de infraestruturas hidráulicas, entre as cales destacan a execución da rede de colectores xerais ou a mellora da depuradora.

Os orzamentos da Xunta de 2023 recollen unha partida de 1,95 M€ para a mellora da depuradora de Noia, cunha partida de 0,97 M€ en 2024 para completar a intervención.

O Goberno galego mantén o seu apoio técnico e financeiro aos municipios para que estes poidan prestar de xeito eficaz as súas responsabilidades nos servizos de saneamento, depuración e abastecemento, e continuar mellorando a calidade de vida dos galegos e do futuro dos profesionais do mar.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

RUEDA AVANZA QUE A XUNTA REFORZARÁ A EDUCACIÓN DE ADULTOS CUNHA NOVA LEI PARA IMPULSAR O ACCESO DESDE O RURAL E A CONCILIACIÓN COA VIDA LABORAL E FAMILIAR

- Resalta que o obxectivo é “actualizar e adaptar” a actual normativa, que é de hai 30 anos, “ás necesidades da sociedade actual”
- Destaca que se promoverán as modalidades semipresencial e en liña para favorecer o acceso desde calquera parte do territorio e en calquera situación persoal
- Esta lei ten como obxectivo último atender particularmente os grupos sociais máis desfavorecidos, con baixa cualificación profesional ou en risco de exclusión social
- O presidente aclarou que nos últimos anos diminuíu a matrícula nestas ensinanzas, tanto “pola diminución do abandono educativo” ao mínimo histórico do 8,1%, como pola necesidade de “actualizalas”
- Elaborarase un Plan do sistema galego para a aprendizaxe ao longo da vida adulta

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, informou hoxe de que o Consello deu luz verde ao proxecto de acordo polo que se autoriza o inicio da tramitación do anteproxecto de lei para a aprendizaxe ao longo da vida adulta, coa cal se busca fomentar estas ensinanzas, incrementar a súa calidade e estimular unha sociedade e un envellecemento activo. “O obxectivo é actualizar e adaptar a normativa existente, que ten xa 30 anos, ás necesidades da sociedade actual”, indicou o titular do Goberno galego.

Rueda recoñeceu que a matrícula no sistema de ensinanzas para adultos de Galicia experimentou un descenso “nos últimos anos” debido a dous motivos. “Pola necesidade de actualizar estas ensinanzas e tamén polo descenso a mínimos históricos do abandono escolar que pasou do 25,8% no 2009 ao 8%”, indicou Rueda.

A futura lei ten como obxectivo último atender particularmente os grupos sociais máis desfavorecidos, con baixa cualificación profesional ou en risco de exclusión social. Así mesmo, e para atender as persoas residentes no ámbito rural, trata de potenciar de xeito singular as modalidades de aprendizaxe a distancia e favorecer ao mesmo tempo a conciliación coa vida familiar e laboral dos cidadáns. “Era necesario regular e facilitar a aquelas persoas que queren continuar coa súa formación o poder facelo de forma online ou semipresencial porque na anterior normativa era case ao 100% presencial”, indicou Rueda, que aclarou que a nova lei tamén promoverá o deseño de itinerarios flexibles de aprendizaxe, adaptados ás necesidades de cada persoa, específicos, ademais, no caso das persoas privadas de liberdade.

Para iso, as principais accións pasan pola elaboración dun Plan do sistema galego para a aprendizaxe ao longo da vida adulta, co fin de concretar as accións para lograr os

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

obxectivos normativos, e pola creación do Instituto galego para a aprendizaxe ao longo da vida adulta como centro de referencia para homoxeneizar estas ensinanzas.

Ensinanzas que se inclúen

O texto normativo achega as definicións máis destacadas sobre o ámbito da formación das persoas adultas, como as de competencias básicas e profesionais ou a de programas de formación e integración en competencias lingüísticas, de mellora das competencias clave e dos orientados a potenciar o envellecemento activo e saudable.

Así mesmo, define como oferta formativa para as persoas adultas a constituída polas ensinanzas académicas non universitarias (básicas iniciais, a educación secundaria obrigatoria, o bacharelato e a preparación para as probas de obtención de títulos), a FP para adultos, as ensinanzas de réxime especial (idiomas, artísticas e deportivas, as non regradas (formación en competencias dixitais, as ensinanzas de castelán e galego e dos elementos básicos da cultura para a integración das persoas inmigrantes) e os cursos en liña abertos.

Todas elas quedarán recollidas no Plan do sistema galego para a aprendizaxe ao longo da vida adulta, que concretará as accións que cómpre levar a cabo para lograr os obxectivos desta lei, partindo da diagnose das necesidades e demandas da sociedade. Neste sentido, cómpre sinalar que nos últimos anos se vén experimentando unha considerable caída da matrícula nas ensinanzas para adultos, tanto pola diminución do abandono educativo ao mínimo histórico do 8,1% (fronte ao 25,8% do ano 2009), como pola necesidade de reformular a facer máis atractivas as ensinanzas de adultos.

Igualdade de oportunidades

O Instituto galego para a aprendizaxe ao longo da vida adulta, que se creará ao abeiro deste texto formativo, será o centro de referencia para homoxeneizar estas ensinanzas. Ocuparase de desenvolver accións formativas por medios telemáticos, promover novas metodoloxías de aprendizaxe e, en xeral, impulsar o ensino a distancia para garantir a igualdade de oportunidades e facilitar a conciliación e o acceso aos recursos desde calquera parte do territorio.

Neste sentido, encargarse do deseño e elaboración dun catálogo de recursos dixitais, dispoñibles en liña, que inclúe todos os materiais didácticos precisos para seguir a oferta formativa que estea dispoñible na modalidade a distancia.

O texto normativo prevé, ademais, que todo o proceso de formación ao longo da vida estea apoiado polos servizos de orientacións, de tal forma que a cidadanía poida determinar, en calquera momento da súa vida, as súas capacidades, competencias e intereses, tomar decisións en materia de educación, formación e emprego, xestionar o

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

percorrido de aprendizaxe, esencial para o desenvolvemento persoal, a evolución profesional e a integración social, e avanzar en termos de equidade e inclusión social.

Contexto europeo

O anteproxecto de lei encádrase no contexto da Axenda de Capacidades Europea, que considera que a aprendizaxe ao longo da vida debe ser a norma da sociedade actual, e na Resolución do Consello da Unión Europea sobre un novo Plan europeo de aprendizaxe de persoas adultas 2021-2030. Establece como obxectivo xeral aumentar e mellorar a oferta, promoción e aceptación das oportunidades formais, non formais e informais de aprendizaxe para todas as persoas.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA SEGUIRÁ A APOIAR AS MULLERES EN SITUACIÓN DE ESPECIAL VULNERABILIDADE, CON 1,4M€ PARA PROGRAMAS PROMOVIDOS POLAS ENTIDADES DE INICIATIVA SOCIAL

- O Goberno galego financiará, entre outras, actuacións de orientación, atención psicolóxica, asesoramento xurídico, mediación intercultural e/ou familiar, de orientación laboral ou para a adquisición de habilidades persoais e sociais
- As beneficiarias dos programas serán, entre outras, vítimas da violencia de xénero, de explotación sexual, laboral ou de trata, inmigrantes, refuxiadas ou reclusas
- A contía máxima que pode percibir por cada entidade de iniciativa social sen ánimo de lucro será 40.000 euros
- A Administración autonómica investiu desde 2009 nesta iniciativa case 15M€ e foron máis de 66.000 as mulleres en situación de especial vulnerabilidade atendidas

A Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade destinará en 2023 un total de 1,4M€, que canalizará a través das entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro, para a posta en marcha de programas específicos dirixidos en exclusiva a mulleres en situación de especial vulnerabilidade: vítimas de violencia de xénero, de explotación sexual-laboral, inmigrantes, emigrantes retornadas ou refuxiadas, pertencentes a unha minoría ou reclusas, entre outras.

Ao abeiro desta convocatoria, cuxas bases se aprobaron hoxe no Consello do Goberno galego, financiaranse programas con recursos integrais específicos para mulleres en situación de especial vulnerabilidade xestantes ou lactantes -con fillos ou fillas menores de tres anos- dirixidos a promover o seu desenvolvemento persoal, familiar e laboral, e a súa autonomía económica e afectiva.

Apoiaranse tamén iniciativas de atención personalizada e especializada para as mulleres pertencentes aos colectivos vulnerables. Neste caso, o programa debe recoller actuacións personalizadas, como atención psicolóxica, asesoramento xurídico, mediación, adquisición de habilidades persoais e sociais ou apoio e orientación laboral.

As actuacións deberán ter en conta o diferencial feminino e o fomento da igualdade de oportunidades como elemento básico da atención especializada, co obxecto de que as destinatarias últimas poidan mellorar as súas expectativas persoais, sociais e laborais. De feito, unha das metas principais da medida é, ademais da atención personalizada a este colectivo, a mellora da súa empregabilidade.

O período de referencia para o desenvolvemento do programa e para a imputación dos gastos subvencionables será o comprendido entre o 1 de setembro de 2022 e o 31 de

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

agosto de 2023. A contía máxima da axuda para as entidades beneficiarias terá como tope máximo os 40.000 euros.

En 2022, un total de 59 entidades recibiron estas axudas que, cos seus programas, chegaron a máis de 3.800 mulleres. Desde 2009, a Xunta de Galicia leva destinado a esta liña de apoios un total de 14,9 millóns de euros que chegaron a máis de 66.400 mulleres en situación de especial vulnerabilidade.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA APOIARÁ CON 330.000 EUROS EN 2023 AS ORGANIZACIÓNS REPRESENTATIVAS DA ECONOMÍA SOCIAL

- O Consello da Xunta autorizou hoxe a orde de axudas dirixida a apoiar os gastos de funcionamento das principais entidades asociativas das cooperativas, sociedades laborais, empresas de inserción e centros especiais de emprego
- A Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade reforza o vindeiro exercicio o seu impulso á economía social incrementando o orzamento a este fin nun 20,8%, ata chegar aos 42 millóns de euros
- Esta fórmula empresarial está conformada por 14.000 persoas que traballan nas máis de 3.000 entidades que operan neste segmento da economía

A Xunta, na súa aposta por seguir impulsando o modelo da economía social en Galicia, pola súa resiliencia e valores e principios en que se basea, destinará en 2023 un total de 330.000 euros a apoiar os gastos de funcionamento das entidades asociativas que conforman esta fórmula. O reto desta iniciativa é facer efectiva a promoción das organizacións representativas das entidades que forman parte da economía social.

O programa de axudas que autorizou hoxe o Consello da Xunta conta con dúas liñas de financiamento. A primeira, con 230.000 euros, vai dirixida ao fomento e consolidación das asociacións de cooperativas e de sociedades laborais, e apóianse parcialmente (ata o 90%) os seus gastos de funcionamento.

A segunda, con 100.00 euros, está destinada ás asociacións de centros especiais de emprego e empresas de inserción laboral, e apóianse parcialmente (ata o 90%) os seus gastos de funcionamento.

O programa autonómico, polo tanto, contribúe a consolidar e reforzar o funcionamento das entidades representativas do sector da economía social, contribuíndo así ao fomento da súa participación aos distintos niveis económicos e sociais e, en definitiva, a visibilizar e promover a economía social como motor de crecemento económico sustentable, que crea emprego de calidade, integrador e asentado no territorio.

En 2023, a economía social seguirá a ser un dos principais eixes de acción da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade. Así, o orzamento para este fin experimentará un incremento do 20,82% (+7,3 millóns de euros) respecto ao ano anterior, e chegará a un total de máis de 42,3 millóns de euros. Entre os diversos programas que se porán en marcha o vindeiro exercicio destacan as iniciativas Es-Factory, de aceleradoras de emprendemento; Es-Transforma, para recuperar negocios sen remuda xeracional a

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

través da súa transformación en entidades de economía social; ou Es-Próxima, para profundar no selo de identidade da economía social.

A economía social está conformada por 14.000 persoas que traballan nas máis de 3.000 entidades que operan neste segmento da economía que aposta pola cooperación, solidariedade, diversidade e igualdade. Este modelo de negocio representa o 7% do PIB, o que se traduce nun impacto anual duns 850 millóns de euros. É unha fórmula que, ademais, avanza cara á igualdade, xa que o 51% das persoas socias fundadoras das cooperativas constituídas en 2021 foron mulleres.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DECLARA DE CARÁCTER PRIORITARIO A FORMACIÓN EN NOVE SECTORES ECONÓMICOS E EN PROXECTOS INDUSTRIAIS ESTRATÉXICOS PARA ATENDER A DEMANDA DE TRABALLO DO TECIDO PRODUTIVO

- Decláranse de carácter prioritario a cualificación nas actividades vinculadas co naval, a automoción, o sector metalmecánico, das enerxías renovables, TIC, construción, comercio, hidróxeno e minaría, así como en proxectos industriais declarados estratéxicos polo Goberno galego
- A iniciativa que se aprobou hoxe no Consello da Xunta busca dar resposta ás vacantes laborais en Galicia
- A decisión adóptase tras o balance positivo obtido da formación que impulsou este ano a Xunta a través da sinatura de convenios de colaboración cos principais clústeres e entidades galegas para a impartición de accións formativas relacionadas coas necesidades de cada sector
- En total, desenvolvéronse, grazas á colaboración público-privada, 812 cursos que chegaron a 12.464 persoas desempregadas e ocupadas
- A actuación enmárcase na Axenda Galega de Capacidades para o Emprego coa que a Xunta está a dar resposta ás necesidades formativas das galegas e galegos e á demanda do traballo que precisan as empresas

O Consello da Xunta acordou hoxe declarar de carácter prioritario a formación para a cualificación e recualificación da poboación activa nos sectores do naval, do automóbil, metalmecánico, das enerxías renovables, das tecnoloxía da información e comunicación (TIC), da construción, do comercio, do hidróxeno e da minaría. Tamén nos proxectos industriais estratéxicos (PIE) así declarados polo Goberno galego, así como naqueles outros sectores que poidan ser definidos como tales en función do seu peso no tecido produtivo galego ou das características particulares da súa poboación traballadora no eido formativo.

A iniciativa adóptase para seguir atendendo de xeito prioritario ás necesidades e demanda de cualificación do tecido produtivo para dar resposta ás vacantes laborais que existen en Galicia. Estes sectores, ademais, teñen un carácter relevante na transición verde e dixital pola que se está a apostar no actual contexto socioeconómico. A formación nestes ámbitos é un compromiso da Xunta de Galicia por dotar ás persoas desempregadas e ocupadas das competencias precisas que aumenten as súas oportunidades de traballo.

A declaración de carácter prioritario da formación nas actividades económicas descritas lévase a cabo despois de obter un balance positivo na formación que a Xunta impulsou

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

este ano da man das entidades representativas do tecido produtivo. Estes acordos permitiron desenvolver 812 accións formativas nas que participaron 12.464 alumnas e alumnos. En concreto, a Administración autonómica investiu máis de 5,7 millóns de euros na sinatura dos convenios de colaboración cos clústers TIC Galicia, de tecnoloxías e comunicación; Aclunaga, do sector naval; Ceaga, da automoción; Asime, do eido do metal e tecnoloxías asociadas; Cluergal, representante do ámbito das enerxías renovables; a Fundación Laboral da Construción; a Federación Galega de Comercio; o Clúster Tecnolóxico Empresarial das Ciencias da Vida de Galicia (Bioga); e a Federación Galega de Redeiras Artesás.

A formación para o emprego que se imparteu tivo un carácter non formal polo que estivo relacionada co Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais co fin de que poidera ser acreditada para a posterior obtención dun certificado de profesionalidade. Esta actuación redundou, polo tanto, na mellora das persoas traballadoras ocupadas e sen emprego ao incrementar as súas oportunidades laborais; e do tecido produtivo, xa que a formación estivo axustada ás súas necesidades. Contribúese, así, ao desenvolvemento profesional das persoas traballadoras e ao aumento da innovación e produtividade das empresas.

A formación para o emprego axustada ás necesidades do tecido produtivo é unha prioridade para a Xunta de Galicia enmarcada na Axenda Galega de Capacidades, concibida como estratexia global de modernización do Servizo de emprego que permitirá avanzar a Galicia na senda do crecemento.

Formación 2023

A Xunta de cara a 2023 incrementa o orzamento destinado a formación para o emprego e orientación laboral nun 9,6%, ata chegar aos 202,2 millóns de euros, para seguir mellorando a capacitación das mulleres e dos homes que o precisen. Trátase do 47% da contía global do presuposto da Consellería (432 millóns) para o vindeiro ano.

Dos 202,2 millóns de euros, un total de 104 investiranse no novo Plan galego de formación para o emprego co que o Goberno galego seguirá impulsando unha formación dual e flexible, adaptada ás tendencias do tecido produtivo e ao actual mercado laboral. Contará cun 26,8% máis que no exercicio anterior para chegar a máis xente e con mellores programas.

No marco deste investimento, está prevista a sinatura de novos convenios de colaboración en 2023 co obxecto de apoiar a impartición de accións formativas de carácter non formal coas seguintes entidades: Aclunaga, Ceaga, Asime, Cluergal, TIC, a Fundación Laboral da Construción, a Federación Galega de Comercio, a Asociación Galega do hidróxeno e a Cámara Oficial Mineira.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA PRORROGA O CONVENIO PARA O TRASLADO DE PACIENTES AOS CENTROS DE HEMODIÁLISE NA PROVINCIA DE LUGO

- O Consello da Xunta autorizou hoxe a prórroga deste acordo, ao cal a Administración galega destina preto de 700.000 euros
- O servizo percorre unha media de 76.000 quilómetros ao mes, traslada unha media mensual de 158 pacientes e realiza 56 rutas

O Consello da Xunta autorizou na súa reunión de hoxe o segundo acordo de prórroga do convenio de colaboración entre o Servizo Galego de Saúde e a Asociación de Enfermos de Ril (Alcer), asinado o 15 de decembro do ano 2020, que garante a cobertura do servizo de traslado de pacientes aos centros de hemodiálise na provincia de Lugo.

O propósito do convenio, que se prorroga ata o 14 de decembro de 2023, é simplificar as prestacións por desprazamento das persoas desta provincia afectadas por insuficiencia renal crónica que reciben tratamento de hemodiálise. O importe anual da subvención da prórroga deste convenio é de 672.880 euros.

O labor de Alcer é mellorar as condicións de vida do colectivo de enfermos de ril na provincia de Lugo e, entre outras actividades, encárgase de xestionar o traslado dos pacientes aos centros sanitarios para recibir tratamento de hemodiálise.

Deste xeito, os pacientes que teñen que acudir a diferentes centros distribuídos pola provincia luguesa para seren tratados con hemodiálise son trasladados en taxi ou, se a súa condición clínica así o require, en ambulancia.

O servizo traslada unha media mensual de 158 pacientes, realiza 56 rutas e unha media de 76.000 quilómetros cada 30 días.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA AVANZA CARA Á CONSTRUCIÓN DO NOVO CENTRO DE SAÚDE DE BOBORÁS

- O Consello da Xunta autoriza a aceptación da cesión da parcela de 6.247 metros cadrados feita polo Concello onde se localizará a nova infraestrutura
- O Goberno galego licitou xa a semana pasada o proxecto do novo centro de saúde, que incrementará en case un 40% a superficie actual

O Consello da Xunta autorizou hoxe a aceptación da cesión do terreo feita de xeito gratuito por parte do Concello de Boborás, que permitirá a construción dun novo centro de saúde no municipio.

A execución desta infraestrutura sanitaria é froito do acordo de colaboración asinado entre a Consellería de Sanidade e o Concello de Boborás en marzo deste ano, para dar unha mellor resposta aos problemas de saúde da poboación mediante actuacións que permiten mellorar as dotacións e infraestruturas dedicadas á atención asistencial á cidadanía no concello ourensán.

A construción deste novo centro de saúde estaba prevista na fase 1 do Plan de infraestruturas sanitarias de atención primaria aprobado polo Consello da Xunta o 29 de outubro de 2021. Froito desa planificación, o Concello, coa axuda da Deputación de Ourense, procedeu a expropiar as parcelas necesarias. A nova infraestrutura construírse nunha parcela de 6.247 metros cadrados situada no concello de Boborás, na denominación Cotiño.

En desenvolvemento do convenio, o pasado 21 de xullo a Consellería de Sanidade asinou a encomenda á Axencia Galega de Infraestruturas para a xestión das actuacións en relación coa redacción do proxecto e a execución das obras de construción do novo centro de saúde de Boborás (Ourense).

Dado o avanzado dos trámites por parte do Concello e só á espera deste acordo de cesión, a Xunta, a través da Axencia Galega de Infraestruturas, avanzou na licitación o pasado 29 de novembro, por importe de 90.857 euros, da redacción do proxecto básico e de execución e dirección de obra do novo centro de saúde de Boborás

Una vez adxudicado e asinado o contrato, a empresa adxudicataria disporá dun prazo de 3 meses para entregar o proxecto básico e de 2 meses para presentar o proxecto de execución, unha vez que o proxecto básico reciba informe favorable.

O orzamento estimado para a execución das obras do novo centro de saúde de Boborás estímase en 1,24 M€, un investimento da Xunta que quedará determinado finalmente no proxecto de execución.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A Deputación de Ourense achegará 186.000 euros para a urbanización dos terreos do novo centro de saúde, orzamento que inclúe un aparcadoiro con 70 prazas, unha parada de autobús, a construción de beirarrúas e a instalación de colectores para a xestión de residuos.

O propio Concello está a urbanizar esta parcela, dotándoa de servizos urbanísticos e beirarrúas e incorporando tamén, na súa parte traseira, unha zona de estacionamento que servirá ao conxunto de equipamentos que se están a construír neste ámbito. Prevese, polo tanto, unha superficie de 2.100 m² aproximadamente na súa fronte para a localización do centro de saúde do municipio ourensán.

Incremento nun 40% da superficie actual

De acordo co programa funcional e de espazos, o centro de saúde incrementará en case un 40% a superficie actual. Máis en concreto, o novo centro acadará unha superficie construída de 663,60 m² e unha superficie útil de 592,50 m².

A área de asistencia sanitaria contará con 2 consultas de medicina xeral, 2 de enfermaría, zona de espera e 1 sala da muller con aseo propio.

Contarase cunha área de respiratorios, con sala polivalente e sala de espera independente, e unha área asistencia polivalente adicional.

O novo centro de saúde disporá dun espazo cuberto para a ambulancia, vestíbulo, recepción con zona de espera e un despacho para atención ao usuario. O resto da superficie será para administración, servizos e instalacións.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA CONSOLIDA A SÚA COLABORACIÓN COAS UNIVERSIDADES DE SANTIAGO DE COMPOSTELA E DE VIGO PARA SEGUIR IMPULSANDO O INVENTARIO FORESTAL CONTINUO DE GALICIA

- O Consello do Goberno galego autorizou hoxe a Consellería do Medio Rural para asinar unha addenda ao convenio suscrito en marzo de 2020 coa USC e coa UVigo para desenvolver estes traballos
- O obxectivo do inventario, recollido no Plan forestal de Galicia, é coñecer de maneira precisa e actualizada non só a cantidade de madeira rexistrada nos montes senón tamén a súa calidade, algo esencial para a planificación e a toma de decisións
- O orzamento conxunto do convenio para o período 2020-24 supera o millón de euros

O Consello da Xunta autorizou hoxe a Consellería do Medio Rural para asinar unha addenda ao convenio suscrito en marzo de 2020 coas universidades de Santiago de Compostela e de Vigo para o desenvolvemento do Inventario forestal continuo de Galicia. Desta forma, mellorarase o acordo e ampliarase a súa vixencia ata finais de 2024. Ademais, en virtude desta addenda, Medio Rural fará unha nova achega de 530.380 euros para financiar as actuacións correspondentes ás anualidades 2023 e 2024.

A esta cifra cómpre engadir as achegas da USC e da UVigo, por un importe total de 39.680 euros en ambas as dúas anualidades. Sumando todas as cantidades, achegadas tanto pola Xunta como polas universidades, o orzamento conxunto do convenio, no período 2020-2024, supera o millón de euros.

O obxectivo do Inventario forestal continuo de Galicia é coñecer -de maneira precisa e actualizada- non só a cantidade de madeira rexistrada nos montes galegos, senón tamén a súa calidade, algo esencial para a planificación e a toma de decisións. Desta forma, xa nos próximos meses do ano 2023 Galicia contará cun mapa forestal preciso que recollerá a superficie total forestal presente na nosa Comunidade e repartida por formacións específicas.

Portal web

De feito, os primeiros resultados deste inventario xa están dispoñibles para o público nun portal web realizado en colaboración coa Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia. Trátase dunha páxina moi completa, onde se pode acceder a un visor cartográfico para a súa consulta ou a un centro que permite descargar diversos datos.

Esta web enmárcase no convenio de colaboración que agora se prorroga coas universidades. Nesa liña de colaboración estanse a elaborar de xeito continuado resultados en forma de mapas e de datos provenientes das parcelas de inventariación

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

que están a recoller as brigadas da empresa pública Seaga baixo os protocolos establecidos polas universidades galegas, e que serán os que se irán reflectindo no dito espazo web.

A iniciativa de pór en marcha o inventario responde ao compromiso da Xunta co monte galego en xeral e, nomeadamente, co sector (manifestado a través do Consello Forestal), así como coa realización dun mandato parlamentario. Este mandato foi encomendado no ano 2018 polo Ditame da Comisión Especial non permanente de estudo e análise das reformas da política forestal, de prevención e extinción de incendios forestais e do Plan forestal de Galicia.

Este ditame sinalaba que era necesario crear un “Sistema de Información e Estatística Forestal de Galicia, como mecanismo que permitise facer diagnoses adecuadas e ser unha ferramenta esencial para a toma de decisións de políticas públicas ou empresariais relacionadas co sector forestal.” O Inventario forestal continuo trata, precisamente, de dar resposta a estas necesidades.

Iniciados xa os traballos do inventario, a Consellería do Medio Rural dirixiuse -en cooperación coas universidades galegas- ás entidades que compoñen o Consello Forestal de Galicia, para trasladarlles unha enquisa electrónica co fin de coñecer as solucións ou requirimentos técnicos que as organizacións, asociacións e entidades involucradas no sector forestal galego desexaban que incorporase. Logo deste proceso inicial de escoita, acádase xa máis de dous anos de traballos para dar resposta ás demandas establecidas polo Consello Forestal de Galicia.

Plan forestal

O deseño e a posta en marcha do inventario tamén están recollidos no Plan forestal de Galicia 2021-2040 “Cara á neutralidade carbónica”, dentro do eixe V (Estatística, formación e investigación forestal). Dise que esta ferramenta estará baseada “nun sistema de monitoraxe forestal continuada que, superando a problemática da pequena escala de propiedades e operacións e a elevada velocidade dos cambios, redunde en melloras da información obtida”.

Refírese á mellora dos datos “en canto á súa frecuencia, desagregación por especies, resolución espacial ou posibilidade de aproveitamento para a subministración á cadea monte-industria”. Ademais, tamén se cualifica o inventario como un instrumento “de seguimento anual de superficies e recursos forestais, que detectará cambios de uso e de especies principais”.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA REPARTIRÁ PRETO DE 4,7 MILLÓNS DE EUROS ENTRE OS 24 GRUPOS DE DESENVOLVEMENTO RURAL DE GALICIA PARA APOIAR O SEU LABOR NO ANO 2023

- O Consello da Xunta autorizou hoxe a Consellería do Medio Rural para asinar unha nova addenda aos convenios de colaboración entre a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural e os GDR para a aplicación dunha estratexia de desenvolvemento local na medida Leader de Galicia
- Trátase de que con estas achegas poidan proseguir coa implementación das estratexias no territorio e coa selección de novos proxectos que contribúan a acadar un maior desenvolvemento das áreas rurais, dentro da medida Leader
- Estes fondos permitirán darlles cobertura financeira aos GDR para que poidan dispor dos medios humanos e materiais necesarios para desempeñar as súas funcións de dinamización territorial

A Xunta repartirá preto de 4,7 millóns de euros entre os 24 grupos de desenvolvemento rural (GDR) de Galicia, co fin de garantir a continuidade da súa actividade durante o ano 2023. Así se aprobou hoxe na reunión semanal do Consello da Xunta, que autorizou a sinatura das correspondentes addendas aos convenios asinados entre a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural e os ditos GDR para formalizar estas achegas.

Así, grazas a estas achegas, os grupos de desenvolvemento rural poderán proseguir coa implementación das estratexias nos distintos territorios mediante a selección de novos proxectos que contribúan a acadar un maior grao de desenvolvemento das áreas rurais, dentro da medida Leader. Neste sentido, estes fondos permitirán darlles a necesaria cobertura financeira aos GDR para que, na súa condición de entidades colaboradoras da Administración na aplicación da medida Leader, poidan dispor dos medios humanos e materiais necesarios para desempeñar as súas funcións de dinamización territorial, así como desenvolver diversas accións de animación no seu territorio.

A repartición destas partidas realizarase entre grupos de xeito proporcional á puntuación acadada no proceso de selección polo que se lles recoñeceu a súa condición de entidades colaboradoras da Administración e polo que se seleccionaron as respectivas estratexias de desenvolvemento rural para o período 2014-2020.

Ademais, cabe indicar que a Consellería do Medio Rural ten asignados nos seus orzamentos de 2023 outros 10,7 millóns de euros para a implementación de actuacións dos grupos de desenvolvemento rural en todo o territorio galego. Outros 236.000 euros para continuar coas súas novas estratexias de actuación e 776.000 euros para fomentar a cooperación dos grupos da Comunidade con outros de ámbito nacional ou internacional, así como con entidades privadas.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Estratexia participativa

A medida Leader busca impulsar o desenvolvemento rural a través dunha estratexia plenamente participativa e baseada nun enfoque "de abaixo a arriba", de forma que se garanta a participación activa dos principais axentes locais nestas políticas, a través do labor dos GDR. Polo tanto, estes fondos van ter unha repercusión moi positiva sobre o tecido social e económico das zonas rurais de Galicia.

Só no período de execución 2014-2020 o Leader supuxo a mobilización de máis de 169 millóns de euros e unha axuda pública no rural galego de 71,5 millóns de euros, coa creación de preto de 1.000 postos de traballo directos.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DESTINA 2,15 MILLÓNS DE EUROS ÁS AXUDAS PARA AS AGRUPACIÓNS DE DEFENSA SANITARIA GANDEIRAS PARA O ANO 2023

- O Consello da Xunta autorizou hoxe a Consellería do Medio Rural para convocar estas achegas, que se publicarán proximamente no *Diario Oficial de Galicia*, sen necesidade de que os beneficiarios presenten avais de entidades bancarias nos anticipos que poidan recibir
- Estas entidades desenvolven os programas de prevención e control de determinadas enfermidades animais, que melloran as condicións hixiénicas e de benestar animal das explotacións e contribúen a manter o bo estado sanitario do gando galego

A Xunta volverá destinar outros 2.150.000 euros o vindeiro ano ás axudas para as agrupacións de defensa sanitaria gandeiras (ADSG). A achega destes fondos, que se mantén constante nos últimos anos, servirá para financiar o traballo que realizan estas entidades para desenvolver os programas facultativos de prevención e control de enfermidades animais.

O Consello do Goberno galego autorizou na súa reunión de hoxe a Consellería do Medio Rural para convocar estas axudas, que saíran proximamente no *Diario Oficial de Galicia* e que se concederán sen necesidade de que os beneficiarios presenten avais bancarios. Estes programas melloran as condicións hixiénicas das explotacións e de benestar animal, elevan o seu nivel produtivo e sanitario e contribúen a acadar un mellor status sanitario para o gando galego. Mediante estas achegas, preténdese estimular a integración de gandeiros nestas entidades, establecendo axudas proporcionais ao esforzo económico que realizan estas agrupacións nos ditos programas. Ademais, cabe destacar que estas agrupacións tamén facilitan o cumprimento da normativa vixente referente á identificación, ao benestar e á sanidade animal.

A finalidade última destas axudas é a mellora do estado sanitario das explotacións gandeiras galegas mediante a execución de programas zosanitarios comúns para a prevención e o control de enfermidades dos animais. Ademais, no marco do mercado actual, resulta fundamental manter o dito estado sanitario, desenvolvendo programas destinados ao control de determinadas doenzas, mellorando a rendibilidade e asegurando a comercialización de animais e dos produtos de orixe animal. Estes programas de planificación zosanitaria que se subvencionarán coa vindeira orde de axudas recolle aqueles que se desenvolvan entre o 1 de marzo de 2023 e o 28 de febreiro de 2024.

A maiores, no contexto do mantemento do nivel da sanidade animal, resulta determinante consolidar esta estrutura asociativa das ADSG, vinculada aos propios gandeiros galegos. Así, entre as enfermidades con programa sanitario nas agrupacións

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

están a rinotraqueíte infecciosa bovina (IBR), a diarrea vírica bovina (BVD) ou a paratuberculose no gando bovino, ovino e cabrún. Tamén están incluídas a enfermidade de Aujeszky, no gando porcino, a salmonelose, nas explotacións aviares, ou a mixomatose e a enfermidade vírica hemorráxica, nos coellos.

Sanidade animal

O pasado ano, Galicia foi declarada por parte da Comisión Europea zona oficialmente libre de tuberculose bovina para a totalidade do seu territorio, ao cumprir os requisitos establecidos para tal fin pola normativa europea de referencia.

Este fito sumouse á declaración de rexión oficialmente indemne de brucelose bovina, ovina e cabrúa. Estes logros son froito do duro traballo levado a cabo pola Administración galega, polos servizos veterinarios e polos propios gandeiros.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA LICITARÁ A COMPRA DE CASE UNHA TRINTENA DE VEHÍCULOS PARA A PREVENCIÓN E EXTINCIÓN DE INCENDIOS FORESTAIS POR UN IMPORTE TOTAL DE 8,36 MILLÓNS DE EUROS

- O Consello da Xunta autorizou hoxe a Consellería do Medio Rural para a compra de 15 motobombas e 12 batracios -que consisten nun tractor con cisterna, trituradora multifunción e polidózer-, coa opción de adquirir ata cinco vehículos máis en 2023
- Trátase de garantir o éxito das operacións de defensa contra os incendios forestais, incrementando a seguridade do persoal e apostando por medios de prevención que minimicen a carga de biomasa nos montes galegos

O Consello da Xunta autorizou hoxe que a Consellería do Medio Rural proceda á contratación da subministración e entrega de case unha trintena de vehículos para pór á disposición do Servizo de Prevención e Defensa contra os Incendios Forestais de Galicia, dependente da Dirección Xeral de Defensa do Monte. Cun investimento total de 8,36 millóns de euros, prevese comprar, en concreto, 15 motobombas por un importe de 4,2 millóns de euros e outros 12 batracios, que consisten nun tractor con cisterna, trituradora multifunción e polidózer, por importe de 4,16 millóns de euros.

Así, vaise licitar a compra de 15 vehículos motobomba que terán unha capacidade mínima para dúas persoas e 3.500 litros de cabida útil de auga. Doutra banda, cómpre afondar nos medios relacionados con traballos preventivos nos montes, de cara a minimizar a carga de biomasa e, polo tanto, reducir tamén a virulencia dos incendios forestais. Así, a Consellería sacará a licitación a compra de 12 batracios, que permitirán desenvolver traballos de limpeza e mantemento de pistas forestais, liñas de defensa contra incendios e cortalumes. Tamén se empregarán no mantemento de puntos de auga e apoio nas queimas prescritas que se levan a cabo no dispositivo de prevención contra incendios forestais. Ademais, poderanse empregar, en caso necesario, para tarefas de extinción de lumes.

Cómpre salientar que a compra de todos estes equipamentos está financiada ao 100% polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020, con fondos Feder React-EU.

Por último, cabe indicar que, en ambas as licitacións, se especifica unha cláusula de modificación do contrato que permite a compra de ata 3 vehículos motobombas e 2 batracios adicionais no ano 2023, a través do programa operativo Feder 2014-2020. O importe máximo destas adjudicacións será de case 700.000 euros no primeiro caso e de 580.000 euros no segundo.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Parque móbil da Consellería

Durante o período operativo Feder 2014-2020, a Consellería comprou un total de 51 motobombas por un importe de 11.224.879,60 euros. Ademais, neste ano 2022 mercáronse outras 13 novas motobombas por importe de 2.717.000 euros, que serán entregadas no ano 2023 e que están financiadas con fondos NextGeneration.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA E A INDUSTRIA CONSERVEIRA DE PRODUTOS DO MAR IMPULSARÁN EN 2023 VARIAS ACCIÓNS A PROL DA INTERNACIONALIZACIÓN E A COMPETITIVIDADE DO SECTOR

- O Consello da Xunta deu hoxe luz verde á sinatura dun novo convenio de colaboración entre a Consellería do Mar e Anfaco-Cecopesca para a promoción e mellora da comercialización das conservas de peixes e mariscos ao longo do próximo ano
- O Goberno galego destina a este acordo máis de 170.000 euros e estará vixente desde a súa sinatura ata o 30 de novembro de 2023
- Esta colaboración inclúe diferentes actuacións de difusión da conserva de produtos do mar para favorecer a actividade das empresas galegas e o seu desenvolvemento co fin de manter o liderado deste sector en Europa e o seu potencial a nivel mundial
- Entre as actividades que se van realizar ao abeiro deste convenio están a XI Conferencia mundial do atún-Tuna Vigo 2023, tres xornadas de diferentes temáticas relacionadas co sector e a participación en eventos e feiras nacionais e internacionais para a posta en valor dos beneficios nutricionais e a versatilidade gastronómica das conservas

O Consello da Xunta deu hoxe luz verde á sinatura dun novo convenio de colaboración entre a Consellería do Mar e a Asociación de Fabricantes de Conservas de Peixes e Mariscos Anfaco-Cecopesca para a promoción e mellora da comercialización das conservas de produtos do mar en 2023, co obxectivo de impulsar a competitividade do sector e favorecer o seu crecemento a nivel internacional.

Esta colaboración estará vixente desde a sinatura do convenio ata o 30 de novembro de 2023 e conta cunha achega por parte da Xunta de Galicia de 173.785 euros cofinanciados co Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (FEMP), aos cales se suman outros 173.785 euros achegados por Anfaco-Cecopesca. Con ese orzamento desenvolveranse distintas accións de promoción e difusión da calidade das conservas de produtos do mar co fin de favorecer o crecemento do sector e de que poida manter a súa posición como principal produtor de conservas de Europa e segundo do mundo, así como superar os retos e desafíos do contexto socioeconómico actual e do futuro.

Unha das accións que se van realizar ao abeiro deste convenio é a XI Conferencia mundial do atún-Tuna Vigo 2023, prevista para os días 14 e 15 de setembro, coa finalidade de analizar a situación actual e perspectivas futuras da conserva de atún, que representa máis do 60% do volume total da produción da industria conserveira galega. Outras iniciativas que abarca esta colaboración son tres xornadas de diferentes temáticas, como a transformación dixital, o Pacto Verde, a seguridade alimentaria e nutrición, a I+D+i ou a internacionalización, co fin de pór á disposición do sector

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

ferramentas que lle permitan mellorar a toma de decisións e a súa planificación estratéxica.

Feiras

A participación en eventos e feiras nacionais e internacionais para a promoción dos valores nutricionais e a versatilidade gastronómica das conservas é outra das liñas que se promoven con este convenio. Un exemplo é Madrid Fusión 2023, que terá lugar do 23 ao 25 de xaneiro, e onde a industria conserveira galega se promocionará nun expositor e con demostracións de cociña en directo e degustacións. Este evento é un dos congresos gastronómicos máis importantes do mundo, nel participan varios profesionais da cociña a nivel internacional, pon en valor distintas cociñas do mundo e fomenta o debate sobre a gastronomía e ámbitos relacionados con ela.

O convenio tamén inclúe a celebración de *showcookings*, obradoiros, degustacións en eventos e festas gastronómicas, puntos de venda e eventos deportivos, entre outros, co obxectivo de promover o potencial culinario das conservas e enxalzar Galicia como grande embaixadora da dieta atlántica.

A maiores, grazas a esta colaboración tamén se realizará material de promoción en distintos idiomas, coa finalidade de promover o consumo e aumentar o coñecemento sobre as conservas de peixe e marisco. Tamén se dará continuidade á dixitalización da documentación, fotografías, diapositivas e documentos da colección do Museo Anfaco e se reeditarán e reimprimirán tanto un libro gastronómico sobre as conservas de peixe e marisco elaborado en 2022, para pór en valor a elaboración de receitas a base destes produtos, como a publicación *As conservas e a publicidade na colección do Museo Anfaco*.

A Consellería do Mar e Anfaco asinan este tipo de colaboración ao abeiro do Fondo Europeo Marítimo e de Pesca desde 2015 e destinan a ela desde entón, xunto cos de 2023, un total de máis de 1,1 millóns de euros.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DESTINA PRETO DE 4M€ Á CUARTA EDICIÓN DO PROGRAMA IGNICIA PARA PÓR EN VALOR A INVESTIGACIÓN GALEGA E IMPULSAR A TRANSFERENCIA DE COÑECEMENTO AO MERCADO

- A convocatoria publicarase en xaneiro de 2023 e prevé apoiar ao redor de oito proxectos cos cales se pretende axudar á creación de novas spin-offs e acordos de licenzas de comercialización da tecnoloxía xerada en Galicia
- O desenvolvemento deste programa contará de novo coa colaboración da Fundación Barrié, tanto no proceso de selección como na maduración e seguimento das iniciativas para garantir o seu éxito
- Desde a súa posta en marcha en 2016, xa se apoiaron 23 proxectos que deron lugar a nove empresas e tres licenzas, mentres que 10 iniciativas se encontran en execución

O Consello da Xunta avaliou esta mañá a nova convocatoria do programa Ignicia, que en 2023 destinará un total de 3,96 millóns de euros a seguir apoiando proxectos de investigación desenvolvidos nos centros de coñecemento de Galicia, para completar a súa transferencia ao mercado e, deste xeito, pór en valor a investigación galega.

As candidaturas deben ter superado as etapas de investigación en laboratorio -o que lles permite ter o estado de madurez preciso-, e un orzamento mínimo de 100.000 euros. O obxectivo debe ser a comercialización dos resultados da investigación, ben pola vía de licenza ou a través da creación dunha empresa tecnolóxica (spin-off).

Os beneficiarios -que poden ser grupos de investigación de calquera organismo de coñecemento con centro de traballo en Galicia, xa sexa en universidades, fundacións sanitarias, centros tecnolóxicos e de innovación ou centros do CSIC en Galicia- recibirán asesoramento por parte de expertos internacionais e do equipo de xestión da Axencia Galega de Innovación -dependente da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación- para a definición e execución do plan de transferencia e comercialización da tecnoloxía. A previsión é apoiar ao redor de oito proxectos. Tamén se levará a cabo unha auditoría legal sobre os dereitos de propiedade para identificar se existen riscos para a futura explotación comercial da tecnoloxía.

As candidaturas que superen esta etapa poderán acceder ao apoio económico da convocatoria, que cobre o 100% dos custos precisos para completar a valorización comercial vía licenza ou spin-off. No caso de éxito da convocatoria, as beneficiarias achegarán á Xunta de Galicia o 30% dos retornos xerados pola comercialización como mecanismo de autosuficiencia da convocatoria.

O desenvolvemento desta edición contará, de novo, co apoio da Fundación Barrié, tanto no proceso de selección como na maduración e seguimento dos proxectos para garantir

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

o seu éxito. Con este programa búscase favorecer a incorporación ao mercado de tecnoloxías disruptivas, apoiar o emprendemento innovador e de base científico-tecnolóxica e contribuír ao desenvolvemento económico e social da Comunidade coa creación de empresas de alto nivel tecnolóxico, emprego cualificado e a captación de investimentos e de talento.

Desde a súa posta en marcha en 2016, este programa permitiu apoiar xa 23 proxectos que deron lugar á creación de nove empresas e 3 licenzas. As iniciativas que acadaron éxito comercial empregan, actualmente, 90 profesionais de alta cualificación. Ademais, dez proxectos aínda están en execución.

De feito, as primeiras iniciativas apoiadas comezan a dar retornos -xa xeraron ao redor de 100.000 euros- e as spin-offs creadas destacan na captación de investimento privado dos principais fondos de transferencia tecnolóxica por valor de 5 millóns de euros. Coa convocatoria de 2023, a Xunta leva destinadoS preto de 13M€ a este programa.

Talento investigador

A través de Ignicia tamén se está fomentando o talento investigador, xa que nas edicións anteriores se apoiaron referentes internacionais no seu campo, como a doutora María José Alonso, do Centro de Investigación en Medicina Molecular e Enfermidades Crónicas (CiMUS), Premio nacional de investigación en 2021 e que ten creado a spin-off Liberabio; o doutor José Luis Mascarellas, do Centro Singular de Investigación en Química Biolóxica e Materiais Moleculares (CiQUS), premiado con dúas axudas do programa ERC e cun proxecto en fase de licenza, ou o profesor Juan Romero, do Centro de Investigación en Tecnoloxías da Información e as Comunicacións (CITIC), Premio ao mellor investigador europeo en intelixencia artificial e que ten posto en marcha a spin-off Indestia.

O programa avaliado hoxe no Consello da Xunta enmárcase na aposta do Goberno autonómico por seguir fortalecendo as capacidades do sistema galego de I+D+i e por potenciar a investigación, o desenvolvemento tecnolóxico e a innovación, pondo o foco na transferencia de coñecemento. Así, segundo os últimos datos do INE relativos a actividades de I+D en 2021, en Galicia medrou nun 7,8% o persoal investigador, ata acadar as 7462 persoas, mentres que o investimento en I+D aumentou nun 40,46% nos últimos seis anos.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O BONO ACTIVA COMERCIO DA XUNTA BENEFICIA A MÁIS DE 6300 ESTABLECEMENTOS GALEGOS E XA MOBILIZA VENDAS POR MÁIS DE 8,7 MILLÓNS DE EUROS

- O programa, que estará activo ata o vindeiro 31 de decembro, reparte descontos de 30 euros a máis de 166.000 consumidores co obxectivo de atraer clientela ao comercio de proximidade
- A través desta iniciativa, á que a Administración autonómica destina 5 millóns de euros, xa se abonaron máis de 1,67M€ aos comerciantes de Galicia

Un total de 6315 establecementos galegos téñense adherido ao Bono Activa Comercio. O programa, informado hoxe no Consello da Xunta, xa está mobilizando ata a data vendas por máis de 8,7 millóns de euros. A iniciativa, á que o Goberno autonómico destina 5M€, permitiu repartir bonos desconto a máis de 166.000 clientes, co principal obxectivo de atraer clientela ao comercio de proximidade.

O período de validez dos bonos, que se esgotaron en tan só tres días, esténdese ata o 31 de decembro, salvo esgotamento previo do seu saldo. Nas compras iguais ou superiores a 20 euros, descóntanse 5€, que a Xunta abona aos comerciantes. O desconto é de 10 euros en compras iguais ou superiores a 30€, mentres que para compras iguais ou superiores a 50 euros a redución é de 15 euros. Ata a data, a Xunta abonou xa máis de 1,67 millóns aos comerciantes galegos.

Por provincias, na Coruña descargáronse 63.100 bonos, rexistráronse 2.389 establecementos e ata a data mobilizáronse máis de 3,1 millóns de euros en vendas. Na provincia de Pontevedra descargáronse máis de 62.000 bonos e sumáronse 2.179 comercios, nos que se mobilizaron ata a data 3,2 millóns de euros. No tocante a Ourense, os bonos descargados foron máis de 22.600, e participan na iniciativa 837 comercios, mentres que as vendas suman xa 1,35 millóns de euros. Os clientes lucenses descargaron preto de 18.600 bonos, que poden empregar en 910 tendas, nas que ata a data xa se realizaron compras a través do programa por 1,04 millóns de euros. Preto do 60% dos concellos galegos contan con establecementos adheridos á iniciativa.

Con esta iniciativa, que coincide con datas clave para a actividade comercial como o Nadal ou o *Black Friday*, búscase seguir acompañando a un sector clave para a creación de riqueza e emprego en Galicia como o comercio de proximidade.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA COMPROBOU A EFECTIVIDADE DOS PLANS DE EMERXENCIAS DE PROTECCIÓN CIVIL CUNHA DECENA DE SIMULACROS AO LONGO DESTA ANO

- O Consello deu conta dun informe sobre os exercicios desenvolvidos para facerlle fronte a unha hipotética situación de emerxencia e comprobar a eficacia das medidas deseñadas
- A media do persoal que participou en cada acción foi dun cento de profesionais de distintos servizos de emerxencias e seguridade

O Consello da Xunta deu conta hoxe do *Informe sobre os exercicios e simulacros de plans de emerxencia de protección civil autonómicos realizados en 2022*, que ascenderon a unha decena. Trátase de accións dirixidas a facerlle fronte a unha hipotética situación de emerxencia, derivada dun suposto accidente ou catástrofe, para comprobar a eficacia dos plans de emerxencia deseñados e definir posibles medidas de mellora.

Os obxectivos dos exercicios son a constatación da calidade da coordinación entre os grupos operativos e a avaliación da capacidade para a toma de decisións dos órganos de xestión, así como o ensaio das medidas recollidas nos manuais operativos e dos procedementos dos distintos participantes. Para levalos a cabo establecéronse as fases de programación, atendendo ás necesidades de implantación, mantemento e actualización dos plans; planificación, con xuntanzas específicas para cada exercicio; execución, coa posta en práctica das actividades previstas, e avaliación sobre a idoneidade da resposta.

Os dous primeiros simulacros do ano desenvóléronse nos aeroportos de Vigo e de Santiago de Compostela por supostos accidentes para comprobar a eficacia do Plan territorial de emerxencias de Galicia (Platerga). En datas próximas ao verán realizáronse catro exercicios para pór a proba a efectividade do Plan especial ante o risco de incendios forestais (Peifoga) nas catro provincias. Foi en Ames, O Porriño, Portomarín, Avión e Cualedro. Os plans de emerxencia exterior (PEE) por risco químico centraron outros catro simulacros. Os espazos que os acolleron foron as empresas Foresa en Caldas de Reis e Syngenta en Mos, o polígono industrial A Grela Bens da Coruña, e Cabo Prioriño, en Ferrol.

A media do persoal que participou en cada acción foi dun cento de profesionais de protección civil, servizos de extinción de incendios e salvamento, forzas e corpos de seguridade, servizos de urxencias sanitarias, grupo de intervención psicolóxica en catástrofes e emerxencias, e Cruz Vermella, entre outros. A duración dos exercicios oscilou entre os 45 minutos e as cinco horas.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A maiores destes, a Dirección Xeral de Emerxencias e Interior e a Axencia Galega de Emerxencias (Axega) coordináronse coa Consellería do Mar en dous simulacros de activación do Plan de contaminación mariña de Galicia (Plan Camgal) que tiveron lugar en Laxe e na Illa de Sálvora.

Plans de autoprotección

O informe avaliado hoxe polo Consello da Xunta inclúe tamén exercicios enmarcados nos plans de autoprotección que deben elaborar os titulares dos centros, establecementos ou actividades susceptibles de xerar emerxencias, e nos cales participa a Xunta en maior ou menor medida segundo as características do simulacro. No que vai de ano comunicáronse ao Centro Integrado de Atención ás Emerxencias (CIAE-112 Galicia) 272 simulacros relativos á autoprotección corporativa e colaborouse en 213 deles recibindo a chamada de alerta e de finalización ou mobilizando os medios que actuaron.

Segundo se recolle no documento, o conxunto dos simulacros de emerxencia realizados en 2022 permitiron que as persoas responsables coñezan e entendan mellor as súas funcións no caso dunha situación de emerxencia, especialmente cando sexa preciso activar un plan de protección civil debido á súa gravidade. Facilitaron tamén a proposta de medidas correctoras para manter os plans actualizados.

Ponse tamén de manifesto a gran preparación previa, realista e acorde coas prioridades detectadas que requiren estes exercicios, xa que implican a participación de persoal de diferentes departamentos da Xunta e doutras administracións, como poden ser bombeiros, protección civil municipal, forzas e corpos de seguridade, e persoal sanitario.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

RUEDA DESTACA A AMPLIACIÓN DO CRÉDITO DE XEMPRE EMPRENDEMENTO QUE CASE CUADRUPLICA O SEU ORZAMENTO ATA CHEGAR AOS 11 M€ PARA AXUDAR A PEMES, AUTÓNOMOS E A ECONOMÍA SOCIAL

- Xustifica esta ampliación no “enorme éxito e nas numerosas solicitudes” que recibiu a Administración galega cando se puxo en marcha o programa no mes de setembro
- Salienta que a achega adicional será de 8,2 millóns para a nova liña de apoios co propósito de dar resposta ao maior número posible de peticións
- Precisa que as axudas de entre 3.000 e ata 30.000 euros permitirán financiar, entre outros, gastos derivados da adquisición de equipamentos informáticos, mobiliario, reforma de locais ou de eficiencia enerxética realizados desde o 1 de xaneiro de 2022 ata a data de curso da solicitude
- O Goberno galego está a impulsar as iniciativas emprendedoras para incrementar a súa actividade e competitividade e contribuír a xerar máis e mellor emprego
- A Rede de polos de emprendemento e apoio ao emprego xa está a ofrecer asesoramento personalizado a preto de 90 persoas, axudándoas a desenvolver 69 proxectos empresariais

O presidente da Xunta de Galicia, Alfonso Rueda, destacou hoxe que o Consello da Xunta autorizou unha ampliación de crédito de máis de 8,2 millóns de euros para a nova liña de apoios *Xempre Emprendemento* coa cal -segundo subliñou- o Goberno galego axudará a pemes, autónomos e as entidades de economía social (sociedades cooperativas e laborais) a financiar gastos dervidos da adquisición de equipamentos informáticos, mobiliario, reforma de locais ou de eficiencia enerxética, para facer fronte ao actual contexto socioeconómico.

O mandatario galego xustificou esta ampliación no “enorme éxito e nas numerosas solicitudes” que recibiu a Administración galega (1.448) cando se puxo en marcha o programa no pasado mes de setembro. Deste xeito, puxo en valor que terá un orzamento final que superará os 11 millóns de euros, cuadruplicando case o investimento inicial, que era de 2,8 millóns.

Desta forma, trátase de dar resposta ao maior número posible de peticións que cumpran cos requisitos exixidos: persoas traballadoras autónomas, pequenas e medianas empresas e sociedades cooperativas e laborais que iniciasen a súa actividade desde o 1 de xaneiro de 2020 (ou máis tarde) e permanezan en activo.

Rueda especificou que a través da liña *Xempre Emprendemento* da Consellería de Promoción de Emprego e Igualdade outorgaranse axudas que van entre os 3.000 e ata os 30.000 euros para financiar investimentos realizados polas entidades entre o 1 de

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

xaneiro de 2022 ata a data da solicitude. Cubriranse, deste xeito, investimentos xa realizados (debidamente xustificadas mediante factura) en equipamento informático, melloras da eficiencia enerxética, adquisición de mobiliario, reforma e/ou habilitación de locais ou adquisición de equipos de segunda man para o negocio, entre outros.

Os pagamentos variarán en función da intensidade do investimento realizado. Irán desde un mínimo de 3.000 euros para o mínimo investimento financiable (de 5.000 euros) ata os 30.000 euros para a máxima (100.000 euros).

Con esta política, a Xunta contribuirá a impulsar as iniciativas de emprendemento, contribuíndo ao incremento da súa actividade económica, á súa competitividade e ao mantemento de empregos de calidade, á vez que se fai efectivo o compromiso asumido pola Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade ao crear a nova Dirección Xeral de Emprendemento de impulso á actividade empresarial.

Xempre Emprendemento -inserido na estratexia Xempre Contigo da Área de Promoción do Emprego e Igualdade- avoga pola visibilización das fortalezas do emprendemento como fórmula de éxito en Galicia. Trátase de favorecer a iniciativa empresarial no territorio e as políticas de apoio aos traballadores autónomos e á economía social.

A Rede de polos

Un dos eixes de traballo consiste na posta en marcha da Rede de polos de emprendemento e apoio ao emprego, que suporá o despregamento de 12 centros distribuídos por toda a Comunidade para avaliar as potencialidades de negocio vinculadas aos territorios onde radican.

Na actualidade, xa están en marcha os de Ourense centro e sur, situado en Verín; o de Pontevedra norte, en Silleda; o da Costa da Morte, en Coristanco; e o de Lugo sur, en Monforte de Lemos. E, antes de que finalice o ano, abriase o das Rías Altas e Arco Ártabro, en Ferrol. Actualmente, a Rede xa está a ofrecer asesoramento personalizado a preto de 90 persoas, axuda a desenvolver 69 proxectos empresariais e leva realizadas 286 sesións de titorización con emprendedoras e emprendedores.

Os proxectos enmárcanse maioritariamente nos eidos das actividades artísticas, recreativas e de entretemento (19 %); na agricultura, gandería, silvicultura e pesca (17%) e no de industrias manufactureiras (17%).

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal